

A portrait of a man with light brown hair, wearing round black-rimmed glasses, a white shirt, a dark blue bow tie, and a brown suit jacket. He is looking directly at the camera with a neutral expression. The background is dark and out of focus.

Roteiro polos espazos vitais e literarios de Castelao na Estrada

**con Xoán Carlos Garrido, David Otero, Pablo Porta e Marcos
Borragero**

A Estrada, 5 de outubro de 2024 - Código en fprofe: G2403005



**XUNTA
DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN,
CIENCIA, UNIVERSIDADES E
FORMACIÓN PROFESIONAL

Índice

Punto 1 – Sociedade El Gimnasio	04
Punto 2 – Pico Sacro	07
Punto 3 – Pazo de Oca	11
Punto 4 – San Pedro de Ancorados	19
Punto 5 – Ponte medieval de Liñares	15
Punto 6 – Cruceiro de Ouzamerxe.....	21
Punto 7 – Igrexa e pazo de Guimarei	23
Punto 8 – Igrexa de Ouzande.....	27
Punto 9 – Rúa Calvo Sotelo, nº 39	33
Punto 10 – Rúa Calvo Sotelo, nº 18.....	35
Punto 11 – Rúa Calvo Sotelo, nº 13.....	38
Punto 12 – Igrexa de San Paio.....	39
Punto 13 – Rúa San Paio, nº 11	42
Punto 14 – Sociedade El Gimnasio	44
Punto 15 – A Estrada, Rúa Pérez Viondi, 45	
Punto 16 – Rúa Serafín Pazo, nº 20	49
Punto 17 – Praza do Mercado	51
Punto 18 – Museo Manuel Reimóndez....	54
Punto 19 – Cemiterio	56

Texto 1**A CARÓN DA NATUREZA**

É NO INTRE EN QUE A TERRA, pra se durmir, vaille virando as costas á luz e o fume das tellas, mesto e leitoso, vaise espaxando no fondo do val. Non é cousa de outro mundo pintar o que ven os ollos, que serán comestos polos vermes; pero na paisaxe hai máis cousas que fitar, pois naquel muiño cantareiro dous namorados danse o primeiro bico e naquel pazo do castiñeiro seco oubean os cans.

DENDE O ADRO DUNHA EIREXA ollamos o val afundido na choiva. A iauga que cai a fío aplaca o fume azul contra as tellas brillantes dunha chouza. Os camiños están cubertos de lama e un vendedor de cobertores pasa cabaleiro na súa besta ferrada. Velahí o cadro dun pintor; pero aínda hai máis na paisaxe, pois tocan a morto no campanario da eirexa e o son é tan amargurado coma se batesen a campá coa mesma cabeza do morto e non adiviñamos en cál casa do lugar hai desgracia porque todas, todas, están tristes.

NOITE DE LUAR. Na veira dunha encrucillada de leenda un cruceiro ten arrentes de sí a mesa de pedra onde pousan os mortos para botarlle o responso; por entre os piñeiros amóstrase a ría maina; a lúa está pendurada da ponla dun pino. O pintor ten que evocar algo máis que unha visión, pois na mesa de pedra do cruceiro, aquela mesma tardiña, pousaron o corpo morto dun rapaz que veu do servizo; por aquela congosta vai un estudante de crego cavilando na moza do pano roxo que lle roubou a vocación. E ao lonxe cantan un alalá.

MAÑANCIÑA DE DOMINGO. Os montes de lonxe teñen azures de Patinir; as xestas e os toxos poñen as súas motiñas marelas na divina sinfonía verde da paisaxe. Moitas cousas máis ten a paisaxe para un artista, pois nunha ponla daquela maceira o melro de Guerra Xunqueira, «lucidío e xovial» aínda, agarda polo abade da aldea para darlle os «bons días»; chovéu onte; as campás da eirexa repenican unha muiñeira e polos carreiros das veigas dacolá embaixo as formiguiñas negras e roxas veñen á misa.

O TEMPO ENGALANÓU cunha tona de ouro e prata o vello castelo feudal; os esclavas do fisco sachan o millo nas leiras; antre os salgueiros sombrizos do fondo do val avístase a fouce do río. O sol bate no lombo da terra. Todo está disposto para pintar, porque todo é regalía dos ollos; pero na paisaxe hai máis.

Hoxe é víspera de San Xohán, arrecende a colo de nai, cantan os grilos e o vento morno trainos de lonxe o son dun bombardino. Mañán lavarémonos con herbas arrecendentes.

ANOITECÍA. A silueta negra dun pino dibuxábase no azul escuro do ceo. Todos sabedes que na primadeira os pinos botan milleiros de velas, collendo eisí o aspeito de candieiros xigantes. ¡Cántas veces sentimos desexos de alcender as velas dos pinos! Pois ben; perto do meu pino acertou a pasar o Viático aldeán (o crego, dous rapaces, catro mulleriñas que van rezando) e ¡jou miragre! o irmán pino, sentindo o momento relixioso e en homenaxe á Sagrada forma, alcendéu as súas velas, que estiveron acesas namentras o Viático non se perdéu na revolta do camiño.

UN DÍA DE NADAL, ollando unha paisaxe que imitaba un Nacemento, decatéime de que hai máis fermosura nas froliñas dos campos que nas froles de xardín. As froliñas ventureiras que nacen nos campos parecen creadas polo Bosco ou por Breughel o vello, namentras que as froles foulentas de xardín semellan os encoiros manteigosos de Rubens. Dende entón eu quixen ser un ventureiro das letras.

Afonso D. R. CASTELAO, *Cousas*, Editorial Nós, 1934.

Punto 1 – A



Castiñeiro do val, 1922.
Técnica mixta sobre papel, 34.5 x 44.5 cm
Museo de Pontevedra



Escaleira de acceso ao primeiro andar no que tivo a súa sede o Recreo Cultural de 1928 a 1978. Actualmente café A Farola.

Estrada - Sociedad El Gimnasio

Na Estrada atópanse tamén dous óleos de gran formato «**O cego / O cego de romería**», 1913 e «**Nena con cabuxa / Moza con cabuxa**», 1914 pintados por Castelao para a «Sociedad El Gimnasio» da Estrada, escisión do «Casino da Estrada» en 1907, coa que volvería unificarse en 1928, data na que se fixou a sede da nova entidade resultante da fusión, o «Recreo Cultural», no primeiro andar do edificio promovido por Porto Verdura «O Escobeiro» na Praza da Farola, onde se mantivo ata 1978, ano no que se trasladou ás novas e actuais instalacións de Matalobos.



Edificio no que estivo situado o antigo Casino da Estrada.



O cego, 1913.

Óleo sobre lenzo, 113 x 200 cm

Colección Recreo Cultural da Estrada


Colección Recreo Cultural da Estrada

En *O cego*, Castelao opta por un formato horizontal de gran tamaño (113 por 200) cuxo centro é ocupado pola figura do cego –moi experimentada en debuxos anteriores–, precedida dun lazarillo. Os dous, cortados polo marco inferior do cadro, en tres cuartos, camiñan cara á romaría –a ermida, de ábsida románica, sitúase nun plano medio á dereita–. A liña do horizonte divide o lenzo en dúas partes, nun espazo aberto de prados e montañas, e celaxe con nubes. O cego apoia a súa man no ombreiro do neno, lazarillo que se ofrece á contemplación cuberto por unha manta de cores que oculta o seu rostro en parte e que, como o cego, volve o seu rostro cara ao espectador. Capa, ampla capa pluvial, zurrón do que sobresaie instrumento musical (violín) e chapeu de á ancha completan a tradicional imaxe do cego que se converte en tipo e arquetipo. A figura do cego actúa como eixo e desvíase lixeiramente para situar o outro elemento, a ermida, de escasa presenza. Evidentemente interésanlle a figura humana, a figura do cego en primeiro lugar, e a paisaxe, elementos que conxuga equilibrando verticais e horizontais (por entón aínda quería ser paisaxista). O tratamento minucioso do modelado, do seu volume, xestos e actitudes persoais, de ambas as figuras, a caída dos panos tamén son obxecto de interese. Queda así unha especie de persoal iconográfico establecida e resolta sobre a que volverá en múltiples ocasións. En ningún momento exclúe a beleza, senón que a identifica coa verdade¹.

Texto 2

ESA FIESTRA NON É UN OLLO da casa, como son as fiestras, pois ela somentes sirve para que tome a raxeira do sol un cego, o cego que se fixo rico a cantar cantigas de rexouba cabo das empanadas arrecendentes.

¹ María Victoria CARBALLO-CALERO (2010-2011) "Como na parábola de Pieter Bruegel", in *Abrente. Boletín de la Real Academia Gallega de Bellas Artes de Nuestra Señora del Rosario*, 42-43



As vexigas que petiscaron os ollos do cego foron un ben do Noso Señor. Non foi cego de pedir polas portas; nin tampouco cego de cibdade, que chora no violín, escorregando devagariño polas cordas un dedo chuchando de fame. Foi simplemente un cego de romería, un pillastrón, un moinante.

O cego de Taragoña, ca. 1922-29..

Técnica mixta sobre papel. 27,7 x 32,2 cm.

Museo de Pontevedra

Cando quer lembrar algunha cousa da súa longa vida comenza sempre amostrando aquel canteiro ridor que ten chantado, como membro de portelo, nas súas enxibas bermellas, dispóis ceiba unha risada de trunfador.

—Foi polo San Martiño.

O cego que mornea ao sol, como un gato, na fiestra, forentou cos ollos pechados todas cantas regalías hai na terra. Cando eu o vin xa era moi velliño e xa daba santos consellos á mocidade. Vivía no seu dunha familia labrega, con boa cama e boas cuncas de caldo.

Contan que o cego chamóu por unha boa muller e amostróulle moitas onzas de ouro, que faiscaban ao sol, e díxolle panxoleiro:

—Si me levases a morrer na túa casa para ti serían os meus tesouros.

E a muller levóuno coma quen leva un santo.

O cego morréu e agora contan que as onzas recortadas que gardaba arrentes de coiro eran cachos de metal dourado...

Foi a derradeira falcatruada do cego.

Afonso D. R. CASTELAO, *Cousas*, Editorial Nós, 1934.

Punto 2 — Pico Sacro



O autor da imaxe é o mestre de Oca, e fotógrafo afeccionado, Pedro Brei Guerra. No medio, suxeitando o caxato co brazo dereito, chapéu e lentes está Alfonso Daniel Rodríguez Castelao. O resto das persoas

presentes, de arriba abaixo, son (con Boina e fillo de Garía Barros) o xornalista Xosé Otero Abelleira, Manuel García Barros, o médico Manuel Nodar Magán (foi quen levou a todos no seu coche), o procurador da Estrada

Manuel Castedo, á parte do can, na boca da cova, Manuel Sinde, «un americano» seica moi falador, e Pedro Brei Guerra. Todos, agás Castelao, da Estrada.

Por mor dunhas vacacións forzosas da actividade política e cultural imposta pola ditadura de Primo de Rivera, Castelao ía ter oportunidade de realizar a ansiada viaxe ao cumio do Pico Sacro xunto cos seus amigos estradenses de *El Emigrado*.

O Pico Sacro era un lugar de peregrinaxe do pobo desde tempos inmemoriais. Alí foron sedimentándose lendas e recubréndose de nova relixiosidade aos ritos ancestrais que a partir dun espazo xeográfico singular foron alimentando a imaxinación de quen se sentía amparado pola súa presenza, servindo de referencia para situarse no mundo, de máxima aproximación entre o ceo e a terra, de lugar privilexiado sobre o que outear os límites do coñecido e de albergar nos seus tobos un furado enigmático ou porta cara ao descoñecido.

No 1924 sería Castelao cos galeguistas Otero Abelleira e Manuel García Barros quen encetarían un roteiro polo pico que ficaría consagrado cunha nova cita en xullo de 1926 ao redor do día da Patria Galega na que chegaron ao Pico Sacro en peregrinación a Santiago desde Ourense Vicente Risco, Ramón Otero Pedrayo, Antón Sánchez e Xavier Prado Lameiro. En Silleda uníranselles Florentino Cuevillas e Alfonso V. Monjardín. Alí agardábanos varios membros do *Seminario de Estudos Galegos*, como Lois Tobío ou Martínez López.

A viaxe do ano 25 sería narrada por Ken Keirades en diferentes publicacións galegas como *Vida Gallega* ou da emigración, mais regresaría sobre ela tamén no seu exilio interior de Callobre cando á altura do ano 1955 volve por derradeira vez a acabar cos seus osos na cadea a pesar de achegarse xa aos 80 anos. Manuel García Barros na súa «Lembranza do Pico Sacro» revive «días risoños e inda esperanzados» nos que a represión que sufrían «que tiñamos por mala» non se asomaba o máis mínimo a que logo viría. A idea de ir a un lugar físico que por enriba das situacións conxunturais se mantivo ergueito dando conta dun país obxectivo que ía alén da vontade duns homes que pretendían crear unha realidade imperial uniforme e totalitaria para afogar a diversidade e heteroxeneidade, o pluralismo e a variedade



O Pico Sacro, debuxado dende a banda estradense do Val do Ulla.



natural e cultural. O pico representaba un refuxio para os nacionalistas galegos de entón. Mentres outros querían facer desaparecer a Galiza, eles ían palpar un chan que os conectaba con séculos de existencia desta Terra e deste pobo. Con eles ía Pedro Brey, o fotógrafo de Oca que nos deixaría as imaxes daquela aventura, mais Ken Keirades retratou con maior fidelidade o espírito daquela xeira cando coa súa pluma describía os feitos pois deitaba unha análise psicolóxica de cada un dos camiñantes que nas fotografías non poderíamos albiscar. Véxase senón unha mostra a respecto do membro máis ilustre desta expedición: «Castelao, en ves de avanzar con nós, quedouse un anaco atrás recostado sobre o céspede que facían mol esas carpaciñas enanas de cuia frol tanto gustan as abellas. Ó decirlle se non viña, dixo que si, que xa íría. Cando lle pareceu tendeu de papo abaixo, tirou a unha banda o chapeu e arrastro, camiñando sobre os cóbados, foise achegando pouquiño a pouco ó borde do barranco e ó estar na beira foi botando a cabeza, tamén pouquiño a pouco, hastra botar os ollos o suficiente pra ver aquilo. Estivo así uns intres quedo, sen reboir miga e ó cabo foise ceando hastra poder revirarse e pórse de pé. Eu xa lle collera o sombreiro, que o puxo a mar de satisfeito pola aventura que acababa de realizar»².

Texto 3

Xa contei outra vez como fixemos unha excursión ó Pico Sacro en honor do dibuxante da Raza, o noso Castelao.

Foi o dezanove de Santiago, n-un día morno e apacibre

en qu'ó paisaxe amostraba agarimosamente os seus encantos co-isa esprendidés e galanura conque sabe facelo o paisaxe galego cando colle os primeiros baños da lus acariciante do sol da mañán.

Fomos o Director do *Emigrado*, o precurador Castedo, o Doutor Nodar Magán, e mais eu, levando con nosco en crás de fotógrafo ó mestre de Arnois, noso amigo Pedro Brei. Fomos en auto hastr'ó Vint' é seis, e alí unéusenos o Sr. Sinde, un «americano» rico e enxebre que tolea co-as cousas de Galicia. Dend'alí fomos andando, bordeando a serra, chegando á cima, sin descansar. Xa alí, andivemos mirando o terreno; vimol-as penas de croyo cristalizado; vimol-a estragueira que fan os inxenheiros, ou quen sexa, desfacendo a serra, levando xa esbandallada unha das cristas mais pintorescas, que son a verdadeira gala do Pico; collemol-as rosiñas miudas qu'alí se dán, poñéndoas na solapa; sobimos ó mesmo cume, algúns, tal coma eu, a pé, outros, os mais, a gatas: Sinde, iba detrás pra coller algún que rolase, non sin que levara o seu medo de rolar tamén. Dend'alí vimos, e ademiramos o paisaxe mais esprendido, mais orixinal e mais encantador que se pode ver no mundo. Vimol-a Estrada, e Santiago, e Castrovite, e a Rocha, c'uns prismátecós de Sinde, é uns xemelos que eu levaba. Baixamos do mesmo xeito que

² Xoán Carlos Garrido (2014) «Viaxe de Castelao, Otero Abelleira e Ken keirades ao Pico Sacro» <https://www.tabeirosmontes.com/xoaacuten-carlos-garrido>



subiramos, e fomos ver a famosa cova. Eu entrei todo o adiante que me deixaron os outros, que me berraban que fuxira d'alí. Fomos ver a hermita, sin que viramos o Santo, porque non tiña burato a porta. Brei quitou as vistas qu'aquí vedes, dos sitios qu'ó pé de cada unha s'endica. Fomos ver a fontíña milagreira; mais abaixo, atopamos un preódico francés d'aqueles días, «La Croix», que recolleu Castelao, pol-o que poidera intresar.

O descenso, fomos á finca versallesca do Sr. Sinde. Alí, debaixo do follaxe, puxémol-a mesa, e comemos do que levábamos e mais o que Sinde lle apegou, que non foi pouco. Brei quitou unha vista do cha é, con todos, da casa e de fora, na escaleira. De volta fomos a San Xuan da Cova a admirar aquel imponente desfiladeiro co río aló nas fonduras. Como vise o pánico que ós outros lles daban as alturas, púdenme dar de home, saltando pol-os riscos coma un cabuxo.



Decía, no «Emigrado», que sentía eu non ter xeito de contar as anécdotas que nos contou o sempre saladísimo Castelao en todo o tempo, prometendo contal-as se a ocaseón se me presentaba. Ahí vai algunha pra cumprir a palabra:

—Aquí, -díxonos Sinde, pol-as faldras do Pico arriba-andaban n-unha ocaseón, dous rapaces co-as ovellas. Cada un levava o seu atadallo, e un pouco pan, que deixaron pendurados d'un carballo aló abaixo, pois aquí non tiñan onde. Atoparon por alí tirado un cacharro, e ocorrúselles muxir unha cabra n'el e facer unha merendola, co pan que tiñan. A coller un pouco foi un d'eles, e non querendo levar do seu nin atreverse a levar do outro, berroulle ó d'arriba:

—¡Fulano! ¿de qué pan levo?

E respondeulle o outro:

—¡Non se ói co vento!

—¡Que de que pan léééévo!

—¡Non se ói co vento! ¡Trai do téééu!!

As de Castelao, son dous éisitos retundos que tivo alá nos seus comenzos, un como médico e outro como dibuxante.

E sabido que Castelao, anque é médico, non exerce a medicina. Así e todo, n-unha ocaseón, chegoulle unha muller a casa toda apurada:

—Veño de parte da señora Antonia, que faga o favor de chegarse alí, que tén o rapás tan maliño, que seica lle morre.

—Pero, muller, eu...

—¡Veña por Dios, señor, qu'aquela muller desfaise.

A nai do artista, animóuno:

—Vai, home, vai e dille o qu'entendas. N'un caso apurado calquera o fai.

E alá se foi Castelao todo preocupado co que podería facerlle.

Inda bén non chegou, bótaselle a nai ós pés:

—¡Ay, don Alfonsiño, que me morre o neno, e mandeino chamar pra que me faga un retratiño d'él, que non lle me queda ningún!!...

O outro éisito:



A casa do noso dibuxante, chegou unha veciña sua, empeñada en que lle había de facer o retrato d'un neto que lle morrera, o cal había que quitál-o d'un grupo esfumado do que apenas se vían as sombras.

Castelao, expúxolle a imposibilidade de facer o que pedía, pero ela insisteu:

—¡E se osté quere, faino! Mire: eu lle direi: eralle así un pouco sobre o moreno, a narís un pouco aquelada, ¿sabe? un mirar que namoraba ¡ay! ¡meu anxeliño! Éralle bunito coma unha rosa.

E tanto fixo e supricou que Castelao non tivo outro romedio que poñerse a obra, saíra o que saise.

Xa feito, chamou a veciña, e pra darlle ó auto certa solennidade, tapouno c'unha cortina que correu tan pronto ela chegou.

O vel-o a boa da muller, bótase a él a bical-o frenétecamente, escramando:

—¡Ay, meu netiño! ¡Ay, meu netiño da y-alma! ¡Ay, meu netiño... que non te pareces en nada!

E ahí tendes, pouco mais ou menos, como foi a nosa excursión. Quedádevos con Dios, e pedídelles, que se tén a ben, tolla a todos aqueles que intenten o sacrilexio de meterlle a picota ás penas sacras do Pico, ó relicario mais ergueito de Galicia, de Galicia a nosa Patrea, a nosa Patrea verdadeira.

Mes de Santiago do ano 1924. *El Emigrado*, 7 de agosto de 1924

Texto 4



Miñas donas e meus señores:

SI NO ABRANTE d-este día poidéramos voar sobor da nosa terra e percorrela en todas direccións, asistiríamos á maravilla d-unha mañán única.

Dende as planuras de Lugo, inzadas de bidueiros, até as rías de Pontevedra, oureladas de piñeraes; dende as serras nutricias do Miño o a gorxa montañosa do Sil, até a ponte de Ourense, onde se peitean as augas d-entrambos ríos; ou dende os cabos da costa brava da Cruña, onde o mar tece encaixes de Camariñas, até o curuto do monte de Santa Tegra, que vence coa súa sombra os montes de Portugal, por todas partes xurde unha alborada de gloria. O día de festa comenza en Sant-Iago. A torre do reló tanxe o seu grave sino de bronce para anunciar un novo día, e de seguida comeza unha muiñeira de campás, repinicada nas torres do Obradoiro, que se comunica a todol-os campanarios da cibdade. Pero hoxe as campás de Compostela anuncian algo máis que unha festa litúrxica no interior da Catedral, con dinidades mitradas e ornamentos maravillosos, de brocados e ouros, con chirimías e botafumeiro, capaz de dar envexa á mesma Basílica de Roma. Hoxe as campás de Compostela anuncian unha festa étnica, filla, tal vez, d-un culto panteísta, anterior ao cristianismo, que ten por altar a terra nai, alzada simbólicamente no **Pico Sagro**; por cobertura o fanal inmenso do universo; e por lámpara votiva, o sol ardente de xullo, o sol que madura o pan e o viño eucarísticos. Por eso a muiñeira de campás, iniciada en Compostela, vai rolando por toda Galiza, de val en val e de coto en coto, dende os campanarios pimpantes da veiramar até as homildes espadañas da montaña. E o badaleo rítmico das campás –de total-as campás de Galiza en leda algarabía- semella o troupeleo dos cabalos astrales, que veñen pol-a vouta celeste, turrando co carro de Apolo, que trai luz e calor ao mundo en sombras. Hoxe é o Día de Galiza, e así comenza.

Alba de gloria, 25 de xullo de 1948, no acto central do Centro Galego de Buenos Aires.

Punto 3 — Pazo de oca



Situado na marxe pontevedresa do val fluvial do Ulla, terra de promisión de grandes e pequenos pazos, ao dicir de Otero Pedrayo, Oca atópase dentro dos límites do termo municipal da Estrada, na parroquia de Santo Estevo de Oca, a 24 km. de Santiago de Compostela en dirección Ourense.

Aínda que a tradición pretende que preexistía neste lugar unha antiga fortaleza desde o século XII, os primeiros vestixios materiais que aínda hoxe subsisten datan de mediados do século XV e son contemporáneos dos primeiros señores de Oca dos que temos constancia documental: Álvaro de Oca e o seu fillo Suero. Este último participou no bando do conde de Camiña, Pedro Álvarez de Soutomaior (máis coñecido polo seu alcume, Pedro Madruga) nas loitas que, con motivo da sucesión á Coroa de Castela, enfrontaron, durante o último cuarto do s. XV, a gran parte da nobreza galega partidaria da filla de Enrique IV (Juana la Beltraneja) contra o poderoso arzobispo de Santiago, Alonso de Fonseca, que apoiaba a causa de Isabel a Católica. O prelado, axudado polas tropas do conde de Monterrei, castigou o señor de Oca apoderándose, en 1477, do lugar e da súa fortaleza. A vitoria de Fonseca significou que este señorío se consolidara dentro da xurisdición da mitra compostelá ata 1564 en que pasan a integrar o patrimonio da Coroa. Felipe II, por escritura de compravenda asinada no Pardo o 15 de novembro de 1586, vendeu por 195.775 ms. o estado de Oca, coa súa xurisdición civil e criminal, a unha señora chamada María de Neira, filla dun rexedor de Santiago de Compostela, Juan de Otero y Neira e viúva doutro, Gonzalo de Luaces.

Suceden a dona María no señorío de Oca, o seu fillo Juan e o seu neto Gonzalo quen, ao morrer sen sucesión, deixa como herdeiro ao maior dos seus sobriños, Juan Gayoso Neira, fillo da súa irmá Catalina de Neira y Mendoza e de Juan de Gayoso Nogueira, alférez e rexedor da cidade de Ourense. Do matrimonio deste con María de Moscoso Ozores y Soutomaior naceu Andrés Gayoso Neira que é quen realmente inicia, por unha banda, a conversión a pazo da vella fortaleza de Oca e, por outra, os entroncamentos matrimoniais que integrarán o señorío de Oca en casas nobiliarias de crecente importancia. Andrés Gayoso casou con Constanza Arias Ozores, dama de honra da raíña



Q pazo

Capela

Lavadoiro

Muriño

Estanque

Xardín topiario

Xardín Topiario

Acueducto

Paseo do conde

Paseo da Cincenta

Murala sur

Avenida dos Tilceiros

Fonte da Morna

Fonte da troia

Fonte do monumento

Isabel de Farnesio, quen herda da súa nai o condado de Amarante e do seu pai, entre outros señoríos, o de San Miguel das Penas e La Mota, elevado por Felipe V á categoría de marquesado en 1719. O fillo maior deste matrimonio, Fernando Gayoso Arias Ozores, ademais de ampliar o pazo e construír a capela, acrecentou tamén o patrimonio da liñaxe ao casar con María Josefa de los Cobos Bolaño, herdeira de importantes territorios como o marquesado de Póboaa de Parga ou os señoríos de Cillobre, Junqueras, Torés, etc. Á morte sen sucesión do primoxénito deste matrimonio, Francisco, sucedeulle o seu irmán Domingo quen, por unha serie insólita de falecementos, a todos os títulos e territorios dos seus pais engadiu, ademais de importantísimos señoríos, os títulos de Conde de Rivadavia, por sucesión do seu tío segundo Diego Sarmiento de Mendoza, e de Marqués de Camarasa, Conde de Ricla e Conde de Castrogeriz ao morrer sen sucesión a súa tía segunda Baltasara Gómez de los Cobos. Domingo Gayoso de los Cobos converteuse así nun dos próceres da nobreza española de fins do s. XVIII e, aínda que a súa intervención en Oca non é demasiado relevante, si o é a súa achega ao patrimonio arquitectónico galego, pois entre outras obras, edificou a magnífica fachada da súa residencia, o vello palacio dos Condes de Amarante, hoxe sede do palacio de Xustiza. O seu fillo, Joaquín Gayoso de los Cobos y Bermúdez de Castro que viviu a abolición dos señoríos xurisdiccionais, foi o último Señor de Oca e o seu primeiro propietario.

Do seu matrimonio con Josefa Manuela Téllez Girón, filla dos Duques de Osuna, tivo seis fillos entre os que houbo de dividir a herdanza en aplicación das novas leis do Estado Liberal. Oca xunto co título de San Miguel das Penas pasou a María Encarnación Gayoso dos Cobos, mentres que os títulos e propiedades principais recaeron no primoxénito Francisco Gayoso de los Cobos y Téllez Girón quen, ao morrer en 1860 sen sucesión, deixou todos os seus bens ao seu irmán Jacobo. Este casa con Ana de Sevilla y Villanueva de cuxo matrimonio nacen tres nenas que, ao quedar pronto orfas, pasaron longas tempadas en Oca baixo a custodia da súa tía María Encarnación. A primoxénita, Francisca de Borja, herdou do seu pai, en 1871, o groso da herdanza da casa de Camarasa e en 1879, ademais, recibe da súa tía, falecida sen sucesión, a propiedade do pazo de Oca. Francisca casou con Ignacio Fernández de Henestrosa y Ortiz de Oca. Francisca casou con Ignacio Fernández de Henestrosa y Ortiz de Mioño, conde de Moriana del Río e marqués de Cilleruelo cuxo fillo maior Ignacio Fernández de Henestrosa y Gayoso de los Cobos, sucede aos seus pais nos títulos e na propiedade de Oca. Ao carecer de descendencia o matrimonio deste XIV marqués de Camarasa cunha filla dos Duques de T'Serclaes, as propiedades e títulos da Casa de Camarasa pasaron en 1948 á súa sobriña, Victoria Eugenia Fernández de Córdoba e Fernández de Henestrosa, actual duquesa de Medinaceli quen, co fin de conservar, estudar e difundir o patrimonio histórico-artístico vinculado á súa Casa, constituíu en 1978 a Fundación Casa Ducal de Medinaceli dotándoa con numerosos monumentos e obras de arte de entre as cales ocupa un lugar singular este Pazo de Oca.

A primitiva fortaleza de Oca, aquela que perdeu Suero, compoñeríase posiblemente de dúas torres unidas por un corpo intermedio todo ameado. No último terzo do s. XVI, en tempos dos Neira, fixéronse algunhas transformacións das que aínda quedan claros testemuños. Así, as portas enfrontadas da entrada, coroadas polas armas dos Neira e os Luaces, sinálannos a intervención destes na primitiva fortaleza, moito antes, polo tanto, das reformas do dezaoito. Nalgúns dos portais da muralla que rodea o perímetro dos xardíns aínda se distinguen hoxe as armas dos Neira, Luaces, Bermúdez de Castro e Mendoza, o que nos evoca unha antiga horta formada por terrazas que perseguiría co

seu amurallamento o ideal do hortus conclusus que o Renacemento herdou do medievo e na que xa se iniciou a construción do sistema intramuros de canalización da auga que desembocaría nun estanque situado no que hoxe é o estanque de arriba.

É no século XVIII e sobre todo, na súa primeira metade cando se intensificase a remodelación e ampliación do conxunto. Os principais promotores de cantas obras fixeron no palacio de Oca e nos seus xardíns e lle deron a súa actual fisonomía, levando a cabo a completa conversión da antiga fortaleza en magnífico pazo, foron Andrés Gayoso, Señor de Oca e, por matrimonio, VI Conde de Amarante e I Marqués de San Miguel das Penas e o seu fillo Fernando.



A praza.

A obra de cantería débese case na súa totalidade aos mestres Esteban Ferreiro «o vello» e o seu fillo homónimo, alcumado «o mozo», ambos da freguesía de Moimenta, xurisdición dos Baños.

Andrés Gayoso edificou a vella torre medieval e remodelou a fachada que dá á praza e para deixar constancia da súa intervención labrou as armas da súa Casa sobre unha das caras da torre. Pero a obra máis importante deste VI Señor de Oca, foi o deseño e construción dos estanques, «dignos -segundo Otero

Pedrayo- dunha vila cardinalicia» que aínda hoxe, a pesar de numerosas transformacións, seguen constituíndo o eixo central arredor do cal se ordena o espazo dos xardíns do Palacio de Oca. Este carácter axial deriva non só da súa localización física, senón do dobre feito de condensar en pouco espazo todo o barroquismo arquitectónico e paisaxístico do xardín, por unha banda, e de simbolizar, por outra, a característica conciliación, propia deste xardín e en xeral de todos os xardíns pacesgos, dos principios estéticos máis sofisticados coa utilidade orixinal produtiva que estes depósitos de auga tiveron polo menos desde fins do século XVI.



Estanques.

Neste espazo dobremente delimitado por un muro de pedra e outro vexetal, pretendeu Andrés Gayoso desenvolver unha idea conceptual cuxo significado completo hoxe se nos escapa. Mandou construír dúas barcas en pedra, unha de guerra e outra de pesca e unha figura, o señor da serpe, como intermediario entre os dous mundos: o de augas calmas do estanque de arriba, hoxe chamado «das virtudes» e o de augas turbulentas do de abaixo que coñecemos como «das vaidades do mundo».

A localización dos estanques, en liña oblicua co eixo lonxitudinal principal do palacio, pode parecer estraño a unha mirada pouco atenta e, con todo, responde a un dobre e

lórico condicionamento: por unha banda, o aproveitamento hidráulico do río Boo que atravesa a horta de Oca (os estanques actuais construíronse sobre o lugar que ocupaban un antigo muíño de auga e o seu correspondente estanque, construcións que, polo testamento de Dona María de Neira, sabemos existían como mínimo desde 1594); por outra, a situación das torres da capela coas que está en eixo. Esta elección da capela como eixo non é casual e haberá que tela moi en conta na interpretación que se faga do discurso dos estanques.

As obras nesta zona, bastante ben documentadas no Arquivo Ducal de Medinaceli (Sección Oca), comezaron na segunda década do setecentos e prolongáronse durante menos dunha quincena de anos. Neste período substituíuse o antigo estanque do muíño vello por dous estanques en fábrica de pedra, separados por un dique, e trasladouse o muíño de auga da súa primitiva localización (moi posiblemente o actual embarcadoiro do estanque das vaidades) á cabeceira do estanque das virtudes. As plantacións do buxo que rodea o perímetro dos estanques deben datar polo menos desta época, o que lles dá unha idade mínima duns trescentos anos.

A sucesión de obras descritas que se producen sen solución de continuidade, pois apenas terminado un traballo contrátase xa o seguinte, indica un plan preconcebido. Ademais, a preocupación que traslucen os contratos de obrigación tanto polas representacións simbólicas das figuras pétreas, «*piedras bien formadas y trabajadas de artillería [...] a punto de disparar*» ; «*dos leones [...] sobresalientes sus blasones*», como polos efectos da auga ao caer, «*cuya agua ha de salir de la boca de dicha sierpe [...] ha de caer sobre una pila redonda de cinco cuartas*» sinalan inequivocamente a intención de desenvolver un discurso moi preciso. Parece evidente, ou polo menos é a hipótese máis plausible, a intención do I Marqués de San Miguel das Penas de representar o conxunto dos estanques como un barco invertido (as augas en lugar de rodear o barco o enchen) polo que navegan dúas barcas menores xogando a unha contraposición simbólica e polisémica entre a terra e o inferno, a vaidade do mundo (representado pola barca de guerra de abaixo) e o paraíso (simbolizado polo barco de pesa de arriba), todo iso presidido pola capela que parece flotar entre a vexetación.

Por evidente que poida parecer esta interpretación, deixa á marxe moitos elementos que habería que integrar nunha explicación máis matizada. Así, por exemplo, nada se di dos monstros heráldicos que adornan o barco de guerra, nin das ameas e bólas (bombas) que rodean os estanques, nin do papel que xoga o cabaleiro da serpe en cuxa aparencia puxo o marqués especial coidado como se deduce do contrato de obriga no que se especifica.

«[...] un gigante de tamaño y estructura de nueve cuartas de alto y todo lo demás, en proporción, con sus vestiduras y con su capa y virrete, con una sierpe al hombro en toda forma perfecta, lo cual ha de servir de caño y conducto capaz para recibir toda el agua que sale del estanque de arriba al de abajo, cuya agua ha de salir de la boca de dicha sierpe».

Esta figura alude claramente ao mito fundador da liñaxe dos Neyra pois segundo Don Servando «descienden de Darío, gran cazador, hijo de la Reina Loba y que mató una sierpe, a orillas del Río Arce que choro se llama Neyra, de donde tomaron nombre y asentaron su solar».



Patio.



Invernadoiro.



Eira.

Como queira que esta raíña loba está vinculada por outros mitos ao Apóstolo e ao proceso cristianizador de Galicia, non é aventurado pensar que os estanques recollen un discurso xenealóxico-relixioso aínda por descifrar. Abunda nesta idea o feito de que, morto Andrés Gayoso, o seu fillo, Fernando Gayoso y Arias Ozores, abordase, sen solución de continuidade respecto das obras dos estanques, a construción da actual capela barroca a partir do antigo oratorio de María de Neira. Esta capela dedicada a Santo Antón, cuxa imaxe tallada por José Gambino en 1750 é unha das máis representativas da escultura galega do dezaioito, converteuse no eixo vertebrador tanto dos xardíns e hortas, como da praza de entrada que entón era de labor do conxunto pacego, reflectindo, coa fortaleza-palacio ao carón e un conxunto de casas populares ao outro, as relacións sociais existentes no s. XVIII.

A inconclusa á sur do palacio é tamén obra do II Marqués de San Miguel quen, para animar os seus descendentes a continuar a edificación que pecharía o patio, mandou labrar un brazo cunha man sinalando cara ao leste coa inscrición «Prosiga 1746». Non cumpriron os seus fillos tal vontade pero indica que as intervencións dos dous primeiros marqueses seguían un plan preconcebido e un proxecto máis ambicioso.

Na segunda metade do XVIII as obras son de menor alcance. Francisco Gayoso e o seu sucesor, o seu irmán Domingo quen se convertera en XI Marqués de Camarasa, realizan reformas no corpo principal, ordenan labrar o lavadoiro da Carreira do Conde e a Fonte da Troita, amplían a presa, incorporan algunhas novas leiras e completan o cerramento

amurallado do xardín. O resultado destas transformacións quedou reflectido nun plano titulado *Ortografía exterior meridional del Palacio y Capilla de Oca*, coñecido como Plano de Peinador, mandado facer en 1805 polo último señor de Oca, Joaquín Gayoso de los Cobos, XII Marqués de Camarasa. Este plano que hai que ler con prudencia, pois non persegue reflectir a realidade a escala, senón representala esquematicamente,

preséntanos un xardín en retícula moi formalista, con numerosos elementos arquitectónicos e con plantacións aliñadas, no que dificilmente podemos discernir a parte dedicada a xardín ornamental da destinada a produción hortofrutícola. A ausencia de proporcións no plano de Peinador e a súa orientación dificultan a comparación cos planos máis actuais, pero unha lectura atenta permite identificar no xardín actual, a pesar das numerosas reformas posteriores, o armazón reticular do xardín do dezaioito.

Na segunda metade do século XIX, os marqueses de San Miguel das Penas, Manuel Fernández de Henestrosa e M^a Encarnación Gayoso de los Cobos, encárganlle ao xardineiro do Palacio Real e executor do Xardín del Moro de Madrid, Francisco Vié, unha reforma dos xardíns. De novo un plano, esta vez titulado «Posesión de los Excmos. Sres. Marqueses de San Miguel das Penas», mandado facer por Ignacio Fernández de Henestrosa y Mioño en 1879 co concurso do Instituto Xeográfico e Estatístico, mostra con suma claridade o resultado desta intervención que se centrou fundamentalmente no deseño duns trazados de corte paisaxístico para os espazos axardinados máis próximos ao pazo e, moi posiblemente tamén, na apertura dos xardíns ao bosque de Guillufe cunha plantación de tilos que a modo de paseo acentuaban un eixo preexistente que desembocaba nun claro do bosque do que partían diversos camiños que o percorrían en todas direccións. A súa actuación afectou o patio, ordenado mediante borduras de céspede e plantas, aos catro cadros do xardín da casa máis próximos á capela, cuxa sobria xeometría foi substituída por sinuosas borduras, ao muíño dos estanques que foi coroado por un chalé suízo do que hai fotografías e á zona que coñecemos como bosquiño ou Xardín de Vié, por ser o único espazo que se conserva hoxe tal como o concibiu este paisaxista francés, xardín que forma un triángulo fronteiro co acueduto, ou paseo das camelias e a presa dos arroios.

O século vinte, para Oca foi un século de intervencións de signo máis restaurador que creador. O marqués de Camarasa, Ignacio Fernández de Henestrosa e Gayoso de los Cobos nunha actuación historicista tratou na década de 1920 de borrar o carácter romántico que lle dera Francisco Vié para devolver aos xardíns o seu orixinal deseño. Cincuenta anos máis tarde, proseguíu este labor o seu sobriño neto, o actual Duque de Segorbe e Presidente da Fundación Casa Ducal de Medinaceli, pero cun criterio diferente que non perseguíu recuperar unha irreal pureza do xardín, senón rehabilitalo co dobre propósito de respectar a súa evolución en todos os estilos, renacentista, barroco e romántico que con tan formidable harmonía conviven en Oca e conservar o dobre carácter xardín ornamental e de horta produtiva que permaneceu ao longo de toda a súa historia. Por iso, xunto coas plantas máis decorativas e exemplares que son verdadeiros monumentos botánicos conviven plantacións aparentemente tan prosaicas como os kiwis, as maceiras, as pereiras, etc. que, no medio de tanta beleza, contribúen ao mesmo tempo a acentuala e a lembrarnos, co ruído de fondo das rodas do muíño moendo millo, que un pazo era sobre todo unha unidade de produción autosuficiente.

Oca e Castelao

Coñecemos dous debuxos feitos por Castelao que describen os bancos da entrada ao grande corredor dos tileiros, na zona central dos xardíns, e a fonte labrada en pedra na parede do edificio pola que se accede ao recinto axardinado. Están feitos de xeito minucioso e con moito detalle, aínda que as anotacións de arquitectura pacega, que aparecen de forma sintética nalgúñas viñetas, non foron logo empregadas en ningún dos seus traballos etnográficos, como outras imaxes de tipo relixioso.



A fonte do segundo debuxo é a que aparece logo na derradeira das narracións que compoñen o seu celebrado libro de relatos *Cousas* «*Chamábanlle a marquesiña*». O mesmo que as personaxes nas viñetas relativas á emigración, ambientadas con referencias a Ouzande, a «marquesiña» simboliza no seu particular e irónico destino a condición dos desfavorecidos, mais á parte do evidente fondo social do paradoxal relato, é descrita con tal compaixón e humanidade, que sentimos detrás a presenza dunha persoa e dunha historia real, non necesariamente do Pazo de Oca.

Texto 5


A Marquesiña

Chámanlle a «Marquesiña» e os seus peíños endexamais se calzaron.

Vai á fonte, depelica patacas e chámanlle a «Marquesiña».

Non foi á escola por non ter chombra que pór e chámanlle a «Marquesiña».

Non probou máis lambetadas que unha pedra de zucre e chámanlle a «Marquesiña».



A súa nai é tan probe que traballa de xornaleira na casa do Marqués.
¡E aínda lle chaman a «Marquesiña»!

Afonso D. R.
CASTELAO,
Cousas,
Editorial Nós,
1934.

Punto 4 – Cruceiro de San Pedro de Acorados



Pouco sabemos das súas orixes. Temos noticias dela como sede dunha comunidade de monxas franciscanas en época baixomedieval. No s. XVI, pasou a depender do convento de santa Clara ata a desamortización do s. XIX. Destaca pola súa singularidade a ábsida pentagonal, dividida en tramos por semicolumnas e orixinalmente con cinco fiestras das que hoxe conservamos tres. A portada, refeita en época moderna, mantén parte da estrutura románica e un fermoso e algo mutilado tímpano de cruces.



Texto 6

Onde hai un cruceiro houbo sempre un pecado, e cada cruceiro é unha oración de pedra que fixo baixar un perdón do Ceo, polo arrepentimento de quen o pagou e polo gran sentimento de quen o fixo.

¿Tendes reparado nos nosos cruceiros aldeáns? Pois reparade.

A Virxe das Angustias, enclavada no reverso de moitas cruces de pedra, non é a Piedá dos escultores; é a Piedade creada polos canteiros.

Os nosos canteiros, deixándose levar polo sentimento, non podían maxinar un home no colo da nai.

Para os artistas canteiros Xesucristo sempre é pequeno, sempre é o Neno, porque é o Fillo, e os fillos sempre somos pequenos nos colos das nosas nais.


Reparade nos cruceiros e descubriredes moitos tesouros.

Afonso D. R. CASTELAO, *Cousas*, Editorial Nós, 1934.

Punto 5 – Ponte medieval de Liñares



A ponte vella sobre o río Liñares é a protagonista de dous debuxos coloreados que hai no Museo de Pontevedra. Castelao recrea no detalle da vexetación que cobre case toda a pedra. Nun deles parece ser o motivo principal, mentres que no outro aparecen dous nenos. Unha terceira versión é unha viñeta da serie *Cousas da vida*, cun punto de vista semellante ao primeiro debuxo, pero cos nenos dubidando de que o sol estea quedo, como lles di o mestre.



Texto 7

A PONTE VELLA XA NON REXE cos amores e as traxedias que leva no lombo e calquera día amañece afundida.

Se a ponte vella falase, atestiguar podía o que vou contarvos.

Era unha rapaza branca e bonita como unha filla de rei. Pola súa endebieza e o seu porte fidalgo fixérona costureira e todos os anoiteceres pasaba pola ponte

vella e cruzábase sempre co estudante de crego.

—Boas tardes, Rosa.

—Boas tardes, Pedro.

Ela viña da costura; el tornaba do latín. E olláronse de pasada tantas veces na ponte vella que cando Pedro entróu no Seminario xa levaba un amor no peito.

O inverno foise e Pedro chegou do estudo e viña ardendo por ver a Rosa. O namorado sentábase todos os anoiteceres na ponte vella, en espera...

A costureira branca e bonita xa non andaba na costura e ao topárense nalgún camiño ela agachaba a cara no seu pano e el poñíase a morrer..

Un día Pedro escoitou, co corazón trubado, unha conversa na ponte.

—Aquela cariña tan feita trocouse nunha carantoña que pon medo. Xa seu pai viña de xentes marcadas con cruz no libro da parroquia, e que non pensen en curala... O que che ten a probiña Rosa é o mal de San Lázaro...

A noite daquel día pechóuse para Pedro coma se se pechasen todas as portas do mundo.

Agora é un abade moi vello e moi santiño, que se senta moitos anoiteceres na ponte vella a repartir o ben da súa santidad en todos os que pasan.

Afonso D. R. CASTELAO, *Cousas*, Editorial Nós, 1934.

Punto 6 – Cruceiro de Ouzamerxe

O cruceiro de Ouzamerxe está en **Lagartóns**. Trátase dun nome de lugar que fai referencia á fauna, é dicir, dun zootopónimo. Como é lóxico, os animais que aparecen na nosa toponimia son aqueles máis característicos e significativos do país. Neste caso, son os lagartos os que lle dan nome á parroquia, polo que podemos supoñer que nalgún tempo foron alí moi abundantes; e, tendo en conta o aumentativo co sufixo, parece que debemos pensar que non só eran moitos, senón tamén grandes e vistosos. O substantivo lagarto deriva do latín vulgar *LACARTU e este, á súa vez, de LACERTUM.

A pouca distancia do lugar de Ponte Liñares, na parroquia de Lagartóns, hai un cruceiro que se conserva con dificultade. Un aro e grampas de ferro manteñen de forma precaria as figuras. Os brazos da cruz non están, e probablemente faltasen xa cando Castelao debuxou a Virxe sostendo a Cristo, para incluíla na documentación gráfica do libro *As cruces de pedra na Galiza*. Esta obra recompila un bo número de testemuñas gráficas sobre A Estrada.




Texto 8

Si eu fose autor escribiría unha peza en dous lances. A obriña duraría dez minutos nada máis.

LANCE PRIMEIRO

Érguese o pano e aparece unha corte aldeán. Enriba do estrume hai unha vaca morta. Ó redor da vaca hai unha vella velliña, unha muller avellentada, unha moza garrida, dúas rapaciñas bonitas, un vello petrucio e tres nenos loiros. Todos choran a fío i enxoitan os ollos coas mans. Todos fan o pranto e din cousas tristes que fan rir, ditos paifocos de xentes labregas, angurentas e cobizosas, que pensan

que a morte dunha vaca é unha gran desgracia. O pranto debe ter unha gracia choqueira, para que estoupen da risa os de «patio de butacas». E cando se fartan de ri-los señoritos, baixará o pano.



LANCE SEGUNDO

Érguese o pano e aparece un estrado elegante, adobiado con moito señorío. Enriba dunha mesa de pés ferrados de bronce, hai unha bandexa de prata, enriba da bandexa hai unha almofada de damasco, enriba da almofada hai unha cadeliña morta. A cadela morta semellará unha folerpa de neve. Ó seu redor chora unha fidalgona e dúas fidalguiñas novas. Todas elas fan o pranto i enxoitan as bágoas con paniños de encaixe. Todas van dicindo, unha a unha, as mesmas parvadas que dixeron os

labregos diante da vaca morta, ditos tristes que fan rir, porque a morte dunha cadela non é para tanto.

E cando a xente do galiñeiro se farte de rir a cachón, baixará o pano moi amodiño.

Afonso D. R. CASTELAO, *Cousas*, Editorial Nós, 1934.

Punto 7 – Igrexa e pazo de Guimarei



Torre dunha antiga fortaleza datada arredor do século XII a carón das ruínas do pazo barroco do século XVIII dos condes de Guimarei, no que foron empregadas as pedras da cerca que a rodeaba. É posible a implicación da torre nas guerras irmandiñas no século XV, que a deixarían moi danada, como a maioría dos castelos medievais de Galicia. A torre é de planta rectangular (6,6m x 6,6m) construída con bos perpiaños que conforman anchos muros propios dunha construción defensiva medieval. Ten na actualidade 10 metros de altura. Dispoñía orixinalmente de tres plantas e teitos abovedados e no seu lado leste existe unha porta elevada 1,5 m. do chan sobre a cal se abre unha pequena xanela rectangular. Hai outra xanela pequena e no lado sur, case arriba de todo, denotando a ausencia duns poucos metros máis de torre de homenaxe, que na súa orixe puideo chegar ata os 15 metros. Nas súas esquinas unha representación pétrea de canóns a modo de gárgolas. A torre dispónse no extremo SO dunha posible fortificación de forma practicamente cadrada con lados que teñen 35 metros de lonxitude. Obsérvanse indicios destas antigas murallas.

Pegado á torre atópanse os restos dun pazo construído no século XVII-XVIII cuxo primeiro morador foi probablemente o señor do Villar de Payo Muñiz, Antonio de Mosquera Novoa (1589). O pazo, que se

atopa en estado ruinoso, presenta unha soa planta en «U» con tres corpos, un máis grande e dúas ás en cada extremo. As súas dimensións alcanzan os 34 metros de lonxitude e unha anchura que varía desde os 16 metros das ás ata os 10 metros da sección lonxitudinal máis longa. No interior do pazo-vivenda pódense ver as cociñas, os servizos, os cuartos e outras dependencias. A parte meridional estaría dedicada ao gando. Existen outras pequenas edificacións na leira destinadas a outros usos, como pode ser un «palleiro» e unhas cortes. Un grande escudo de armas atópase sobre a porta principal nun copete enmarcado con lintel semicircular, adornado con pináculos onde se representa un escudo heráldico co nome Villar dúas veces. Aparecen nel varios elementos representativos de diferentes familias nobres como as tres bandas (Villar), os trece roeles (Sarmiento), cinco cabezas de lobo (os Mosquera) e o león que é posible que represente aos Aranda. Este escudo relaciónase con Luis Francisco Mosquera, Villar y Aranda, terceiro marqués de Aranda de Quintanilla e terceiro de Guimarei, cabaleiro da Real e Distinguida Orde de Carlos III e membro do Consello Real e Supremo de Indias.

A maioría das numerosas referencias á Estrada en pinturas e debuxos de Castelao aparecen relacionadas coas parroquias de Guimarei e Ouzande, seguramente os lugares máis visitados por un home inqueda, dinámico e afeccionado aos paseos. Arredor de 1911-12 Castelao fixo dúas acuarelas que representan o Pazo coa Torre, unha pola fachada principal, co arco que dá entrada ao recinto do edificio, e a outra pola parte traseira. Consérvanse as dúas no Museo de Pontevedra.



Augada da Torre de Guimarei. Museo de Pontevedra. Esta vista aparece ilustrando o debuxo do refrán «as casas dos señores van ás mans dos labradores» publicado en 1924 no diario de Galicia.



Augada da Torre de Guimarei. Museo de Pontevedra.

Eran estes anos dunha intensa actividade agrarista na Comarca, con líderes locais como Torres Agrelo, García Barros, e outros achegados nesta época como Chinto Crespo, Losada Diéguez e o mesmo Castelao. Foi moi soado o mitin de 1912 no campo da Feira que contou entre outros co crego Basilio Álvarez. A vehemencia do líder da *Liga de Acción Gallega* nos actos desta época foi retratada por Castelao en varias



Basilio Álvarez por Castelao.

caricaturas de todos coñecidas. O agrarismo pretendía principalmente a redención dos foros que os propietarios das terras impuñan aos traballadores do agro. A implicación do Pazo de Guimarei nestas disputas non a coñecemos, pero



por oportunidade simbólica ou por outras razóns, será a imaxe que acompañará a crítica gráfica de Castelao, como vemos no tema «*Dous vellos amigos: os foros e as oblatas*» onde o pazo coa torre e unha igrexa acompañan as figuras dos protagonistas: o crego e o fidalgo. Aparece primeiro esta imaxe como debuxo a pluma na revista *Suevia*, en 1916, e posteriormente con carbón e augadas na lámina 13 do álbum *Nós*.

O Pazo de Guimarei aparecera xa nunha das versións de «*El último hidalgo de gotera*», de Luis A. Del Olmet, concretamente a publicada en *La Ilustración española y americana* (1915).

Tamén nestes anos aparece en varios óleos, como o célebre «*Conto de cegos*», co que Castelao gañou unha medalla na *Exposición Nacional de Bellas Artes* de 1915.

Unhas veces é máis recoñecible e outras menos, como no nº 39 de *A Nosa Terra* (nadal de 1917), no debuxo «*O maior contribuyente*», no que pazo e torre están xa moi esquematizados. Reaparece a torre e a cuestión agraria na viñeta «*Escoita este refrán...*», en *Galicia* de Vigo (xaneiro de 1924).



Debuxo da portada do Pazo de Guimarei. Museo de Pontevedra.



Dous vellos amigos: os foros e as oblatas. *Álbum Nós* 1916-1918.



Ilustración do «Último Hidalgo de Gotera» publicado en *La Ilustración Española y Americana*, en 1915. Madrid.



O maior contribuyente.



—Escoita este refrán «as casas dos señores van a mans de labradores».



Cruceiro.




Bosquexo do cruceiro. MdP.



Acceso ao adro da igrexa. Debuxo do aceso ao adro. MdP.

Texto 9



Dende a fiestra da torre a condesiña ten os seus ollos chorosos enfiados na derradeira revolta do camiño, por onde un día fuxeu a súa ledicia de namorada. Co verme dos ciumes rillándolle o corazón, a condesiña vai morrendo pouquiño a pouco na fiestra da torre.

E pasan días e meses e anos, esculcando no camiño a volta do seu amor. E nun serán de pensamentos velaíños, relembrando aquel bico

que se deron a furto, a condesiña belida morreuse de amor.

Velaí como contan as xentes a morte da namorada.

Este sartego encerra dende hai centos de anos as cinzas da malfadada condesiña, e a lenda que se conta de vellos a mozos colleu pulo sentimental no moimento de pedra, hucha misteriosa para tódolos espíritos románticos.

Unha vez foi aberto polos «intelectuales» da vila e dentro atoparon ósos, retrincos de lenzo, po e... carabuñas de cereixas para encher as dúas cuncas.

Por certo que o médico, home de moitos anteollos e de moita caspa na chaqueta, díxolle ó boticario:

—A condesiña do que morreu foi dunha enchente de cereixas...

Hai homes que non saben calar.

Afonso D. R. CASTELAO, *Cousas*, Editorial Nós, 1934.

Punto 8 – Igrexa de Ouzande



Ábsida da igrexa parroquial de Ouzande, ca. 1912. Museo de Pontevedra.

As crónicas dos amoríos de Castelao con Virxinia Pereira arredor de 1910 falan de abundantes paseos pola zona de Ouzande. Xa ía da man de Virxinia cando eran mozos pois era posíbel ficar baixo a supervisión dos tíos da rapaza que velaban pola súa virtude desde o tellado da súa casa da rúa que logo levaría o nome do devandito Pérez Viondi. Mais até aquí tamén o acompañou seu sogro, con quen atopou nunha desas percorridos unha estela galaico-romana –reciclada como poste dunha cancela– e que logo doaría ao Museo de Pontevedra no que se atopa hoxe. A estela e os cruceiros foron obxecto dos seus deseños, mais será a igrexa románica co seu *Agnus Dei* e

abundantes canzorros a quen lle dedicará maior atención na súa obra, mesmo figurando nun dos seus óleos. Esta impresionante igrexa do século XII é un dos fitos do abundante románico estradense e seguramente as curiosas pegadas antropomórficas ou animais labradas en pedra polos canteiros medievais foron fonte de inspiración e alimento do seu estilo xenuíno máis co interese posto en conectar coa tradición galega de arte popular.



Unha casa, rapaza, que lle levanto rabo ó mesmo can de San Roque.

A igrexa da parroquia, e máis concretamente a súa ábsida románica, que se recoñece facilmente por non ter columnas adosadas, coroado pola figura do *agnus dei* cunha voluminosa cruz de Malta, aparece repetidamente nas súas viñetas. Probabelmente a orixe destes debuxos son un bosquejo a lapis e un coñecido óleo sobre cartón conservados no Museo de Pontevedra. O cadro describe con detalle a cabeceira da igrexa, que logo aparece formando parte dun debuxo a lapis e acuarela denominado «*Rectoral*» no que aparece no primeiro plano o edificio que lle dá o nome.

Paralelamente, a igrexa será incluída en viñetas como a que apareceu en 1914 na *Voz de Galicia* de Bos Aires na que dous mozos bailan no campo da festa –recoñécense perfectamente as figuras da ábsida e o *agnus dei*– ou a lámina, tamén do museo pontevedrés, titulada «*O consello do pai*». Esta última establece outro deses interesantes vínculos entre un motivo gráfico e un tema



Rectoral de Ouzande. Museo de Pontevedra.

concreto, que neste caso é a emigración. A escena do pai tentando convencer con probes argumentos ao fillo para que non abandone a Terra aparece polo menos noutras catro ocasións entre 1915 e 1918, na citada *Voz de Galicia* bonaerense, en *El Sol* de Madrid e no álbum *Nós*, sufrindo leves variacións tanto no gráfico como no texto que as acompaña. Esta evolución, comentada por Xosé M^a Monterroso no seu traballo «A emigración en Castelao» de 1987, e analizada tamén no anunciado estudo de Xosé M. Castaño, obsérvase tanto nas figuras como no fondo, no que a igrexa de Ouzande é substituída

primeiro por unha árbore rexa e ampla de follaxe, e logo por dúas árbores cativas e derramadas. Na versión do álbum *Nós* o pai, encorveirado e vello, cede o centro da imaxe ao fillo, que mudou o aceno de optimismo e desatención pola gravidade dunha decisión difícil. A tensión compositiva é moito máis acusada e a silueta escura das árbores está xa moi depurada. Ademais de seren o contrapunto das figuras, as árbores podadas son a metáfora da vella Galiza castrada pola emigración.



O consello do pai. Museo de Pontevedra.





É significativo que as mesmas árbores aparezan anos despois na lámina «A derradeira lección do mestre» no primeiro dos álbums da guerra: *Galicia mártir*, e tamén é de salientar o feito de que Castelao, debuxante con moita facilidade de figuración, insistía tantas veces en comunicar unha idea cuns elementos determinados. Dende logo, isto fai pensar que había unha razón para este vínculo, e aínda que non teña maior interese comprobar se a escena e as personaxes foron tomadas dun caso real, parece verosímil que algún feito particular marcasse na sensibilidade do artista a necesidade de denunciar o inxusto desta situación. Esta posibilidade vén suxerida pola localización concreta que dá a igrexa de Ouzande e polo destino –Bos Aires– apuntado en dúas das versións, tendo en conta que estas concrecións eran pouco frecuentes no conxunto da súa extensa obra gráfica.



—E para qué queres fuxir da terra ¿non temos pan no forno?, C. 1940.



A emigración foi unha grande preocupación para Castelao, el mesmo fillo de emigrantes.

Arredor deste tema tomaron forma símbolos e personaxes característicos. A maiores de retratar a vaidade dos «indianos» enriquecidos no alén mar, Castelao dedica numerosos debuxos ao drama da maioría dos emigrados que retornan arruinados ou sen forzas máis que para morrer. O retornado aparece en distintas situacións: sentado en soidade en «*Era forte com'un croyo*», acamado en «*Eu non quería morrer alá, ¿sabe, miña nai?*», ou agonizante en «*El médico: -Cheguei tarde*». Protagoniza varias destas



O cura da aldea, 1917.

Óleo sobre lenzo, 42 x 59 cm

Colección particular




Por ganar un pouquiño mais de diñeiro,
Farruco chegou tarde pra revivir.

viñetas unha figura que aparece no debuxo «*Por ganar un pouquiño máas de diñeiro, Farruco chega tarde pra revivir*», con dúas novidades interesantes: o nome da personaxe, e novamente a igrexa de Ouzande sinalando unha orixe xeográfica concreta na escena. Isto, que non debe ser casual, respalda as miñas impresións de que na obra gráfica de Castelao pode sentirse a importancia das vivencias que A Estrada achegou a unha das persoas máis destacadas da historia galega.

Antes xa fixemos referencia á escultura antropomorfa con inscricións, probable estela funeraria, localizada en Ouzande e levada a Pontevedra por mediación de Castelao, quen describe en dous debuxos a situación orixinal da peza, servindo de soporte a unha cancela de

madeira ao pé dun hórreo. Noutro debuxo a lapis representa con máis detalle esta escultura, que vai empregar como motivo noutras dúas ocasións, ofrecendo no seu contraste outra mostra da complexa personalidade e da variedade de recursos gráficos na que se movía o autor de Rianxo. Por unha parte aparece nunha característica viñeta de *Cousas da vida* na que dous homes fan o seu particular comentario sobre o monumento. Moitas outras veces, co seu coñecido instinto humorístico, Castelao contesta coa sinxeleza da sabedoría popular a grandilocuencia de políticos,



Bosquexo da Estela galaico-romana de Ouzande, na súa situación. Museo de Pontevedra.

historiadores e homes de letras, como el definía a esa clase intelectual da que tamén formaba parte.

Por outra banda, e despois dunha viaxe pola Bretaña francesa da que saíu un magnífico estudo sobre os cruceiros bretóns, Castelao prepara a que con diferencia será a súa obra etnográfica máis importante: *As Cruces de pedra na Galiza*. O primeiro destes traballos fora editado en 1930 polo Seminario de Estudos Galegos, e esta mesma institución preparaba a publicación de *As Cruces...* cando foi disolta en 1936. O autor acabou recuperando o traballo orixinal en Bos Aires, e publicouse finalmente en 1950. A estela de Ouzande aparece no libro ilustrando os comentarios sobre a posibilidade de que as estatuas-menhir, como el as denomina, sexan o antecedente formal das estelas discoideas, e polo tanto dos elementos circulares asociados ás cruces funerarias. O debuxo aparece transformado para a ocasión nun esquema a pluma punteado, característico dos deseños arqueolóxicos, moi diferente ás láminas marcadas pola intencionalidade expresiva que el facía habitualmente, pero parello en destreza e dunha

sensibilidade fondamente expresiva dentro da obxectividade que o traballo científico require.



— O cura dixo que non debemos coller mazás sen pedilas.
— Se us deseti...



Ouzande Estrada



Ouzande

O cruceiro que hai diante da entrada da

igreja de Ouzande debeu chamar a atención de Castelao. A figura da Virxe con Xesús morto e o orixinal deseño dos remates da cruz aparecen varias veces no traballo *As cruces de pedra na Galiza*. Na mesma obra aparece tamén o cristo dun cruceiro que hai por detrás da igrexa, no actual campo da festa. Esta figura desprendeuse hai anos e só quedan na cruz as mans e parte da roupaxe.



Debuxos referentes a Ouzande en *As Cruces de Pedra na Galiza*. Museo de Pontevedra.



Texto 10

Nunha eirexa da montaña eu vin unha caveira de cristán facendo de peto das ánimas. Tiña unha fenda no frontal e por alí decorrían os cartos dos bos feligreses. Unha caveira de sacristía, sobada por mans luxadas de cera e de aceite, como lombo de misal antigo, coma pelexo de pandeiro vello. recollendo diñeiro para ben das almiñas do purgatorio, levaba moitos anos de servizo a probe caveira humán.

Agora eu vou contarvos unha cousa.

Eu sei, porque o sei, que a caveira foi dun home que roubaba con toda a legalidade, aproveitándose dunhas leises que o gardaban da xustiza do noso mundo.

O ladroeiro, agora, no mundo da verdade, está condenado a recibir enriba da súa alma os cartos que roubou, can a can, cadela a cadela. Ten a ialma sentada na «silla turca» do esfenoideas e cada peza de diñeiro que lle botan é un fungueirazo que recibe no lombo.

Arrepía de pensar en tanta door. O ladrón xa vai ben castigado; pero aínda debe recibir coarenta e sete mil reás en pezas de cobre.

Eu sei porque...

Afonso D. R. CASTELAO, *Cousas*, Editorial Nós, 1934.

Punto 9 – Xornal El Emigrado - rúa Calvo Sotelo, número 39³



El Emigrado nace en 1920 e comeza a publicarse o 15 de setembro dese ano, estando en circulación de xeito trimensual ata Decembro de 1940 co seu peche forzado pola circunstancias políticas da época, coa súa liña editorial evolucionando dende unha principalmente anti-caciquil e independente ata unha galeguista debido ás promesas fallidas de Primo de Rivera, coincidindo co punto álxido do Galeguismo.

Porén, a pesar de ter unha liña editorial e unha editorial marcadas, o obxectivo do Emigrado non era o de ser un mero panfleto ideolóxico coma outros xornais contemporáneos a el, senón que á vez de reivindicar o que pensaban o xornal tiña coma obxectivo informar ós estradenses do que ocorría tanto a nivel local coma nacional e internacional. Non so para os que vivían na propia Estrada, senón tamén para aqueles en América debido á emigración.



Xosé Otero Abelleira, nado en Vilapouca (Cereixo, A Estrada) o 7 de marzo de 1892 e finado na Estrada o 22 de febreiro de 1979)

Por iso mesmo, *El Emigrado* contiña novas locais, nacionais e internacionais e outras do ámbito arxentino, cubano ou uruguaio, entre outros moitos países. Cabe recordar a raíz disto que non so o nome do xornal e os seus contidos gardaban unha forte relación coa emigración senón que a súa financiamento principal proviña de dita clase emigrante, mediante a Asociación de Fillos da Estrada en Cuba.

Ademais do contido propiamente xornalístico, tamén podemos atopar nas páxinas do xornal relatos literarios. Os mais destacados son os "Contiños da Terra" de Manuel García Barros (Ken Keirades), que posteriormente foron publicados coma un libro propio. Tamén podemos ver textos de autores coma Manuel Cabada Vázquez ou o poeta de Guimarei Ramiro Alfonso Castro Dono, que

fixeron do xornal un eixe difusor da cultura literaria local.

En canto á súa estrutura e configuración, o habitual no Emigrado era ver entre catro e seis páxinas por número. Cada páxina non publicitaria adoita ter catro columnas, así coma varios artigos e/ou seccións. Algunhas seccións fixas eran as "Municipaleras", que informaban do acontecido na propia Estrada, ou sobretudo "Ecos de la ausencia", que viñan sendo noticias do ámbito da emigración, estando moitas veces subseccionadas en

³ <https://www.tabeirosmontes.com/novas/no-centenario-de-el-emigrado>

base ó país de procedencia da información ("De Cuba", "De Buenos Aires", "De Francia", "De la Argentina"...).

Tamén temos noticias parroquiais, tituladas dun xeito similar ás da emigración ("Desde Guimarei"; "Desde Rubín", etc.), así coma unha sección de folletín e datos do rexistro civil (con nacementos, defuncións e casamentos). Os relatos literarios eran titulados directamente co nome do relato e/ou da obra (ex. Os Contiños da Terra tiñan ese título e, subtitulado, o do contiño en cuestión), e eran practicamente o único contido escrito en Galego, coa gran maioría do Emigrado sendo publicado en castelán.

Finalmente, o peche do periódico era destinado a uso publicitario, con anuncios de todo tipo de produtos e servizos. Eran anuncios principalmente textuais, aínda que algúns tamén contiñan imaxe. E coma en todo o que contiña o xornal, tamén podemos apreciar publicidade destinada a aqueles estradenses residentes nas Américas (ex. Xastrería "Los Indios" en Havana no número do 30 de Setembro de 1921).

Con isto rematamos a primeira metade desta análise dos contidos xornalísticos do emigrado. Continuaremos na seguinte entrega cunha análise de varios dos exemplares do Emigrado, e comprobaremos como se reflicte o explicado nestas liñas e a evolución que se da dende o comezo do Emigrado ata o seu peche vinte anos despois, entre outros asuntos.

Punto 10 – Fermín Bouza Brey - rúa Calvo Sotelo, número 18⁴



Casa na que viviu Bouza Brey e a súa dona na Estrada, no nº 18 da rúa Calvo Sotelo.



Fermín Bouza-Brey (Ponteareas, 13 de marzo de 1901 - Santiago de Compostela, 11 de xuño de 1973)

Fermín Bouza Brey, despois de 3 anos preparándose en Madrid, aproba as oposicións a xudicatura e vai destinado como xuíz de primeira instancia e instrución a Viella (Lleida). Despois dunha estada de apenas un ano naquela cidade do Pireneo leridano, chega á Estrada en 1930 con 29 anos de idade, sendo un dos xuíces máis novos de Galicia. Aproveita o primeiro concurso de traslados para achegarse a Santiago, unha cidade á que se atopa especialmente vencellado, persoal e culturalmente.

Á súa chegada á Estrada, atópase como secretario do xulgado municipal a Mario Blanco Torres, irmán do seu amigo e compañeiro nos traballos do Seminario de Estudos Galegos Roberto Blanco Torres, escritor e periodista, que nos comezos da guerra civil, concretamente o 2 de outubro de 1936, foi «paseado» no concello ourensán de Entrimo. Establece co secretario do xulgado unha grande amizade que logo continuou co seu fillo, outro ilustre estradense, Mario Blanco Fuentes, mestre, avogado e alcalde da vila dende o ano 1959 ata o ano 1970.

Contrae matrimonio estando na vila, pero esta circunstancia está ligada á Estrada por algo máis que a simple cronoloxía. En 1931, xa 96 Fermín Bouza Brey. O xuíz da Estrada A ESTRADA miscelánea histórica e cultural Casa na que viviu Bouza Brey e a súa dona na Estrada, no nº 18 da rúa Calvo Sotelo. destinado aquí, é Mario Blanco Torres, secretario do xulgado, quen lle presenta a súa amiga dona Emilia Álvarez Álvarez, moza de notable beleza, natural de Cortegada de Miño (Ourense), de familia acomodada e estudante de Farmacia en Santiago. Dous anos máis tarde, unha vez a moza remata a carreira de Farmacia, casan. O matrimonio non se celebra na Estrada como se afirma nalgunha biografía, senón en Cortegada de Miño, onde tamén casan o mesmo

día Remedios Álvarez, irmá de Emilia, con Abelardo Moralejo Lasso, catedrático de lingua e literatura latinas da universidade compostelá.

A lúa de mel pásana na Bretaña e o noivo vai cunha bolsa de estudo, o que levaría á súa dona a afirmar anos máis tarde que foi unha viaxe magnífica aínda que Fermín non deixou de traballar. Os recién casados fixan a súa residencia na Estrada, na que entón xa se chamaba rúa de M. Porto Verdura, nome que tiña substituído o de Marqués de

⁴ <https://www.tabeirosmontes.com/novas/no-centenario-de-el-emigrado>

Riestra en 1931 e que cambiará polo actual de Calvo Sotelo en 1937. Viven na segunda planta do edificio que actualmente leva o número 18. No baixo e no primeiro tiña o comercio e a vivenda a familia de José Casagrande, unha familia de raigame na Estrada. Os seus fillos Manuel e María Docampo Pego (Lolo e Maruja), entón con idades de 12 e 16 anos, recordan a «don Fermín» como unha persoa de confesión galeguista, moi amable e querida na veciñanza, e a «dona Emilia», como unha señora «moi señora», pero de extrema amabilidade. Recordan tamén como don Fermín lles pedía o pan de broa para facer as migas con ovos revoltos. Nace a súa primeira filla en 1935, que morre cinco días despois do seu nacemento. Tamén aquí naceron as outras tres fillas do matrimonio. En abril de 1936 nace a segunda, Emilia Guillermina, que morrerá tamén traxicamente no incendio do hotel Corona de Aragón en Zaragoza; en 1940 nace a terceira, María Luísa, e en 1942, ano en que Bouza vai destinado ao xulgado de Primeira Instancia de Santiago, nace a cuarta, María Isabel.

A presenza de Fermín Bouza Brey na Estrada, como xuíz, está en certa medida influenciada polos cambios políticos que acontecen na década dos anos trinta: a proclamación da Segunda República, a elaboración e aprobación plebiscitaria do Estatuto de Autonomía, o levantamento militar e a Guerra Civil ou treboada da Guerra Civil, e a dictadura franquista. Politicamente Bouza Brey era un home moderado, democrata liberal e galeguista. Porén, a súa condición de xuíz, impedíalle calquera tipo de manifestación de preferencia partidaria, máis alá da súa amizade persoal cos impulsores do Partido Galeguista, ao que estivo afiliado, e do Estatuto de Autonomía.

Nunca mostrou entusiasmo pola República, e mostrouse intransixente co franquismo dende o primeiro momento, sen prexuízo de cumprir as formalidades que o seu cargo de xuíz de Primeira Instancia e Instrución lle impoñían, como foi o caso de formular declaración xurada de adhesión ao alzamento nacional en 1936, e esixir aos seus subordinados a mesma declaración xurada; ou, anos mais tarde, e por razóns puramente protocolarias, aparecer do brazo da filla do ditador, Carme Franco Polo, con ocasión dos Xogos Florais de Santiago en 1945. No momento de asinar a adhesión, e por esta causa, ten un desgusto cando o seu amigo e secretario do xulgado municipal Mario Blanco Torres, republicano convencido, se nega a firmar a declaración de afección ao Alzamento, recordándolle Fermín que tiña catro fillos e que o seu posto de traballo e a súa supervivencia económica dependían desta formalidade.

A súa posición política de moderación e compromiso con Galicia e coa democracia e a ausencia de entusiasmo coa República deparáronlle algunha discusión cos seus amigos Castelao pola súa condición de republicano e con Filgueira Valverde polo que consideraban un excesivo colaboracionismo co Réxime. Tras a súa chegada á Estrada, coñece e traba amizade con Camilo Pereira Freijenedo, avogado e deputado provincial, pai de Virxinia Pereira Renda, esposa de Alfonso R. Castelao, circunstancia esta que uniría aínda máis a ambos. Conta o fillo de Bouza, José Luís, que nunha ocasión, seu pai, facendo unha excepción, acompañou a Castelao a un mitin na parroquia estradense de Callobre para pedir o apoio ao Estatuto no plebiscito de 1936⁵.

Cando as *cunetas* comezaron a estrarse de corpos e os que tiñan que manter a orde, dedicábase a roubar (requisar e incautar) e asasinar, a este xuíz que tiña que facer a

⁵ Xesús Palmou Lorenzo (2010) "Fermín Bouza Brey. O xuíz da Estrada" en *A Estrada: Miscelánea histórica e cultural*, nº. 13, páxs. 91-118.

vista gorda ocorréluselle un xeito de salvar a vida dos seus conveciños: procesalos el, antes de que actuase a "xustiza militar", encargándose persoalmente de garantir de que mentes estiveran por el ancausados non foran sacados da prisión da Estrada por ninguén que non lle dera garantías de que non era para aplicar a lei de fugas. Así, mentres participaba nas manifestacións públicas de adhesión ao réxime, en privado tecía a súa particular estratexia para evitar maior número de crimes que puidera nun pobo no que xa non se podía administrar xustiza.

Por pór un exemplo, o xuíz militar o 26 de agosto ordenaba publicar as requisitorias no Boletín Oficial da provincia de Manuel Coto Chan, Higinio Carracedo Ruzo, José Vila Carbón, Manuel Sanmartín, Manuel Campos Vázquez, Eduardo Pazos Álvarez, José Torres Bermejo, Luciano Louzao e Manuel Pérez Carracedo. Todos eles en "paradoiro descoñecido". O 20 de outubro manda publicar Bouza Brey no Boletín Oficial outro edicto para que comparezan nunha causa instruída por el por "tenencia de armas y asociación ilegal". Entre os chamados figuran algúns dos reclamados pola xustiza militar e outros fuxidos.

A súa actuación foi difícil e estaba baixo sospeita a pesar de prestarse a levar o estandarte na procesión das festas de 1937 acompañado por "autoridades, falange, flechas, etc.", sendo logo suspendido durante dous meses de emprego e soldo ao abrírselle un expediente de depuración que é sobresaído finalmente o 1 decembro de 1937⁶.

Prodúcese a súa reincorporación á carreira xudicial, o que acontece en 1939, se ben con destino provisional como xuíz militar en Lleida. Afirmen algúns dos seus biógrafos que ese destino como xuíz militar, no momento en que remata a guerra, trata de poñelo a proba antes de reintegralo no seu destino da Estrada. Antes de rematar o ano 1939 volverá á Estrada recuperando o seu cargo de xuíz de Primeira Instancia e Instrución. Cando regresa, Bouza Brey xa coñecía o nome dos seus denunciante «camisas azules», e prodúcelle desacougo ter que convivir con eles, pero tamén seguían aí os seus amigos Mario Blanco Torres e o seu fillo Mario Blanco Fuentes, Espinosa e outros cos que conservará unha permanente amizade.

En 1942, abandona A Estrada coa súa familia ao ser destinado como xuíz a Santiago de Compostela, cidade coa que sempre mantivo unha especial ligazón por razóns persoais e familiares e, tamén, no eido da cultura.

⁶ Xoán Carlos Garrido "O golpe fascista na Estrada"
<https://www.tabeirosmontes.com/o-levantamento-franquista-na-estrada.html>

Punto 11 – Carme de Xestoso - rúa Calvo Sotelo, número 13⁷

Neste punto estaba situado unha casa de xantares resentada por Carme de Xestoso. Carme tiña como mascota unha cabuxa que se comportaba coma se fose un cadelíño. Inspirándose nela, Castelao pintou o cadro *Moza con cabuxa*.



Moza con cabuxa, 1914.

Óleo sobre lenzo, 117 x 190 cm

Colección Recreo Cultural da Estrada

⁷ <https://www.tabeirosmontes.com/novas/no-centenario-de-el-emigrado>

Punto 12 – A Estrada - Antiga igrexa de San Paio



Naquela mañá, ás dez do **19 de outubro do ano 1912** un sol morno asolagaba de luz á Vila da Estrada. Arredor da igrexa de san Paio unha mancha de veciños e xuventude forasteira esperaba ansiosa a chegada da noiva. Era ela, Virxinia, a derradeira filla solteira da familia Pereira Renda. Emocionada, radiante e feliz, casaba, na igrexa parroquial, adobiada polas amigas con flores brancas, co médico rianxeiro Alfonso Daniel R. Castelao. El tiña 26 anos e ela facía ese mesmo día os 28. Casamento asistido polo crego poeta, Antonio Rey Soto, amigo do noivo⁸.

Logo da cerimonia acoden á casa dela onde ofrecen uns aperitivos aos convidados e, máis tarde, ás 13:30 horas sèrvese o xantar aos numerosos convidados. Deulle de agasallo el a ela unha sortella e pulseira de brillantes. Ela, un anel de brillantes e rubí e mais un alfinete de gravata de brillantes.

O matrimonio Rodríguez Pereira establece a súa residencia en Rianxo onde Castelao exerce como médico xeral. Nos intres de lecer toma apuntes para os seus debuxos. Naquela zona a familia de Mariano e Xaquina é ben coñecida e Daniel atende na consulta ás xentes da vila e dos arredores. Virxinia atópase querida pola familia do home, respectada polos veciños. Vive, pois, intres de felicidade.

Apenas pasaran seis meses da voda cando lle puido dar a boa nova de que estaba en estado. Era o primeiro e sería o único fillo.

O **31 de xaneiro de 1914**⁹ nace o fillo. Foi anotado no rexistro civil da Estrada co nome de **Alfonso Luis Rodríguez Pereira** pero, vinte e sete días despois foi bautizado na parroquia de San Paio



Antonio Rey Soto
(Arrabaldo, 18 de febreiro de 1879 - Madrid, 20 de febreiro de 1966)



Debuxo de Castelao e Virxinia.



⁸ SEIXAS SEOANE, Miguel Anxo (2019) *Castelao construtor da nación. Tomo I 1909-1915*, Galaxia, p. 412-414.

⁹ Rodolfo Prada di na carta que lle escribe a Otero Pedrayo que pai e fillo naceran o mesmo día, 31 de xaneiro. Os papeis do rexistro civil recollen que foi anotado o 1 de xaneiro. Como padriños actúan Mariano Rodríguez e Isaura Pereira.



como **Afonso Jesús de Braga Rodríguez-Castelao Pereira**. Neses momentos de nai primeiriza, por mor do pudor da época vénse para A Estrada. Aquí será atendida polo doutor Manuel Leyes¹⁰, amigo íntimo da familia Pereira Renda. Pasados os días de obrigadas atencións familiares regresa para Rianxo. Dedicar todo o tempo, coa axuda de Joaquina na crianza do seu meniño, **Pachiño**, **Pachucho** ou **Chuchiño**, de saúde delicada e na atención a Daniel, que padecerá problemas de visión.

Nos veráns, achégase á Estrada por mor do cambio de aires do fillo Pachucho e déixao cos seus curmáns Fidalgo-Pereira, na rúa de san Paio –eran os tempos das «Curas de Aires» polas que a Estrada tiña tanta sona–. Pachucho era espelido para os libros e herdara do pai as súas aptitudes artísticas e literarias. Escribía contos, e ademais de saír a pintar con el nas estadias estradenses, moitas tardes metíase no estudo para coñecer as técnicas do debuxo.

As alegrías moi pronto se esvaecen pola enfermidade do fillo. Virxinia e Daniel moven Roma con Santiago para atender a saúde do seu **Pachucho**. O diagnóstico médico, unha pneumonía, non deixa lugar a unha raiola de esperanza. O sufrimento de Virxinia non atopa intres de acougo, sufrimento que está a piques da tolemia na hora do pasamento de «Chichiño» ás seis da tarde aquel malfadado **martes 3 de xaneiro do ano 1928**, con só **14 anos**. Son intres de desesperación e abatemento para o matrimonio. Foi soterrado no cemiterio de San Amaro nun panteón propiedade de Pintos Fonseca, amigo de Daniel



Cadro «A Dona do Pazo» no que Castelao inmortalizou a Virxinia. MDP

¹⁰ En agradecemento, Castelao regaloulle un cadro.

Aos estradenses

Conozo a Estrada dende fai moito tempo. Teño da Estrada tantas lembranzas vellas! Eu tomaba o coche de Mato, cando estudaba en Sant-Iago, e marchábame á Estrada, onde tiña unha moza: a filla solteira de Don Camilo Pereira. Con ela me casei, van alá trinta anos, e alí tivemos un fillo, que foi a nosa mellor ilusión e hoxe é a nosa mágoa. Na Estrada topei c-un amigo entrañable, un irmán par-a causa que debía embeber a miña vida. Era Antón Lousada Diéguez, que agora xace co meu fillo, na mesma sepultura. Na Estrada contei con amigos inesquecibles, uns xa desaparecidos, outros desviados do meu camiño ideolóxico e os máis aínda fideles á causa galeguista. Senteime mil veces nos bancos públicos da Estrada, no anoitecer de mil días, e alí despelexábamnos aos caciques.



Apaguei a miña sede na fonte da praza, onde corre a i-auga mellor do mundo. Deiteime nas carballeiras sombrizas da Estrada, n-un abandono total do meu ser. Fun a moitas feiras e romerías. San Pedro de Toedo!, San Lourenzo de Ouzandel!, San Xulián de Guimarey! Lin os semanarios estradenses, portavoces de moitas cruzadas políticas, e fun colaborador de *El Emigrante*. Falei en moitos mitins de propaganda política: na Praza, no Mercado, no Campo da Feira... A derradeira vez que falei na Estrada foi na propaganda estatutista... Estaba eu falando a tres mil estradenses e voaba por riba de nós un avión que deixaba caer exemplares do noso Estatuto... Foi o derradeiro mitin a que asistín alá... e non-o podo esquecer. Aínda estou vendo a seis labregos montados en outros tantos cabalos, escoitándonos... En fin; a Estrada e o escaerio en que se

desenrolaron as máis punxentes esceas do meu pasado vivir. O mesmo apelido que eu levo procede da Ulla, d-un abó meu, que baixou á ribeira do mar coa mesma intención amorosa con que, decorridos moitos anos, rubin eu á montana.

Din que as campás de Liripio fan escorrentar os troncos. Ogallá que resoen en Bos Aires as campás de Liripio e fagan posible a unión de todol-os estradenses! Que se xunten os ríos estradenses e que o seu poderoso caudal desemboque n-outra mais poderosa unidade: na unidade patriótica dos galegos. E perdoádeme que vos manifeste este meu anxeio, pois somentes teño dereito a facelo dispois de invocar o meu amor á Estrada.

Afonso D. R. CASTELAO, *Unión estradense. Número extraordinario como conmemoración del XV aniversario social*, Buenos Aires, maio de 1941.



Punto 13 — Rúa San Paio, nº 11



Manuel Mato, no ultramarinos, pensión e casa de transportes de viaxeiros no que paraba Castelao cando viña a ver a Virxinia. Rúa San Paio nº 11. Foto do neto Fernando Porto.



Na **rúa San Paio nº 11** está a que foi a **pensión Mato** (casa de transporte de viaxeiros) na que durmía Castelao nas visitas á Estrada.

Texto 12

O inglés

Eu quixen asasinar un inglés, por patriotismo. O caso aconteceu na Pampa Central da República Arxentina e no tempo da guerra de Cuba.

Era eu daquela un melado rapaz de doce anos, apouvigado pola morriña das paisaxes nativas, acabadas de deixar, e pola tristura dos campos en que me vin forzado a vivir.

As lendas e contos aprendidos na lareira paisana dos meus avós avivaran a miña imaxinación e déranlle azos á miña credulidade, de tal xeito que non soamente lles daba creto a todas as baballadas dos nosos periódicos, senón que as súas informacións parecíanme ruíns e cativas. Eu era, pois, un gran patriota belicoso, porque tamén a miña patria era grande e forte, como a dun inglés, como a dun alemán... A enxurrada patrioteira que levaba tantos e tantos emigrados á guerra de Cuba, levaba tamén o meu pobre siso de neno.

Quizais o sangue mariñeiro dos meus devanceiros determinou en min aquela afervoadada preferencia polo noso poderío naval. E nas paredes da tenda do meu pai foron aparecendo, a maneira de carteis, os barcos da escuadra española, pintados da miña man.

Para representar mellor a fortaleza dos nosos navíos, sempre lles poñía dúas chemineas de máis, todas botando fume: un fume mouro, terriblemente tráxico. E logo, debaixo de cada barco, campaban letreiros fachendosos, ditados pola fogaxe patrioteira: «Ai do que se poña diante». «Non hai quen poida». «Para todos vós abonda un de nós» ...

O inglés Don Guillermo viaxaba sempre con dous gauchos e moitos cabalos. Cada vez que baixaba das súas terras de Río Negro durmía na nosa casa. Era home de maneiras pouco fidalgas, e no cinto de coiro lucíalle sempre un revólver con mango de nácara: argumento terrible naquelas terras.

Cando Don Guillermo reparou nos meus debuxos, esmendrellouse de risa, e entón correspondín a tal ofensa con ditos alporizados que aumentaron a súa ledicia. Cómpre dicirvos que eu era de madeira de heroe ou de mártir, e para servir a miña patria tanto me daba matar coma morrer; mais o inglés —humor de lima xorda— turrábame polo xenio, volvíame tolo de carraxe, e despois burlábase dos meus deostos. Quen puidera facerlle comer aquel revólver de mango de nácara! Quen puidera ollalo morto, aberto en canal e pendurado!

Cantas veces pasou por alí Don Guillermo, tantas veces me fixo adoecer de carraxe; mais eu sabía que o triunfo da escuadra española daríame forzas dabondo para esmagar a fachenda daquel inglés nifroso.

Tamén adoitaba durmir na nosa casa un andaluz garuleiro, tan patriota coma min. O andaluz sabía sempre moito máis do que contaban os periódicos, e as súas trapalladas eran despois as armas con que eu combatía o inglés. Un día bisbome que estaban arrombando o submarino Peral; pero que o Goberno non quería que se soubese.

Eu xurei gardar o segredo, e non puiden cumprir o xuramento. O inglés tanto me fixo enfadar, burlándose dos nosos barcos, que nun lampo de xenio descubrín todo:

—Pois eu dígolle que xa se poden poñer en contra de nós todas as escuadras do mundo xuntas, porque... porque estamos arrombando o submarino Peral.

O desastre de Santiago de Cuba derrubou as miñas ilusións, e non sería doado describir agora o infindo desespero en que me vin asolagado. Por aqueles días pasou o inglés, e doído quizais da miña tristura xa non se burlou dos meus barcos; pero feríume con estas palabras sarcásticas:

—Agora tendes a escuadra submarina máis grande do mundo...

Endexamais dixera Don Guillermo semellante cousa, pois no mesmo intre decidín asasinalo. A onda rubia non deixaba acougar a miña imaxinación, e por adiantado gorenteí as regalías do crime. Nada podía arredarme de luxar as mans: era en ben da miña patria, asoballada pola desgraza.

Ouh, o plan criminal era do demo! No fío das dúas da noite entraría de esguello no apousento do meu amigo. Andando amodiño, no bico dos pés, chegaría cabo do leito 7 e de súpeto, zas!, espetaríalle un coitelo na gorxa. Eu vía saír o sangue do inglés, a cachón; eu ollei como espernexaba para morrer, e nin o máis lene remorso abalou a miña conciencia.

Aquela noite deiteime cos ollos ben abertos, apreixando na man o coitelo de matar os carneiros. O reloxo do comercio tardou tanto en dar as dúas que fun vencido polo sono...

Cando espertei batía o sol no lombo da pampa. O inglés salvárase de milagre.

Rianxo, 1914

Afonso D. R. CASTELAO, *Retrincos*, Editorial Nós, 1934.

Punto 14 – A Estrada - Sociedad El Gimnasio

Na Estrada atópanse tamén dous óleos de gran formato «O cego / O cego de romería», 1913 e «Nena con cabuxa / Moza con cabuxa», 1914 pintados por Castelao para a «Sociedad El Gimnasio» da Estrada, escisión do «Casino da Estrada» en 1907, coa que volvería unificarse en 1928, data na que se fixou a sede da nova entidade resultante da fusión, o «Recreo Cultural», no primeiro andar do edificio promovido por Porto Verdura «O Escobeiro» na Praza da Farola, onde se mantivo ata 1978, ano no que se trasladou ás novas e actuais instalacións de Matalobos.



Edificio no que estivo situado o antigo Casino da Estrada.



Escaleira de acceso ao primeiro andar no que tivo a súa sede o Recreo Cultural de 1928 a 1978. Actualmente café A Farola.

Cruzando a rúa, case ao seu lado, estaba situado o local do Partido Galeguista da Estrada.

Punto 15 — A Estrada - Rúa Pérez Viondi, nº 4.



Casa dos Pereira-Renda, na rúa Pérez Viondi, nº 4.



Peregrina Renda López e Camilo Pereira Freijenedo.

A mañá do 19 de outubro de 1884 na casa do avogado Camilo Pereira observábase un labor inusual. A serventa non paraba nos preparativos da auga quente e toallas... Camilo, sen acougo, pechárase no seu despacho. Esperaba por sétima vez o herdeiro, home. Ían alá seis esperanzas rotas. Seis partos e seis nenas. Con este acontecer debían cumprirse as súas ilusións. Axiña, no seo da familia Pereira Renda, unha das familias estradenses máis sobranceiras daquela época habería unha nova filla: Virxinia. Na súa partida de bautismo aparece cos nomes de **Virginia Nicolasa María de Gracia Tomasa Pereira Renda**. Apadriñada polo cura da parroquia de San Xiao de Veá, o párroco Nicolás Villar e por Virginia Nóvoa, veciña de Vigo. Dentro da familia numerosa Pereira Renda, Virxinia fai o número sete, todas elas mulleres, logo virán tres homes.

O pai, **Camilo Pereira Freijenedo**, fillo de Hipólito Pereira e María Freijenedo, oriúndos de San Xoán de Arcos, no concello ourensán do Carballiño. Era licenciado en Dereito pola universidade de Santiago e chegara á Estrada co seu irmán Miguel a finais da década dos sesenta para establecerse como procurador dos tribunais do Partido Xudicial da Estrada. No mes de xullo do 1873 casa coa estradense

Peregrina Renda López, natural da parroquia de San Bartolomé de Pontevedra, filla póstuma de Felipe Renda, natural de san Andrés de Veá, e de Tomasa López, de Sabardes, do concello de Outes. O matrimonio formou unha familia con dez herdeiros¹¹.

¹¹ Morreron moi cedo Aquilina Benita, nada no 1879 e José que fina con sete anos. Vivirán Sara Plácida, nada no 1874, quen casa, no 1898, co médico militar, Alfredo Pérez Viondi, oriúndo de Cuba; Clemencia Elisa, nada en 1875, casará con Benito López Paratcha, comerciante en Pontevedra; Herminia Pastora, nada no 1877, casará co rexistrador da Propiedade do Partido Xudicial da Estrada, Manuel Fidalgo Lugo, natural de Cira, de Silleda, no ano 1902; María Lía, nada en 1881, casa co tenente coronel, Domingo Abad de Carramega; Eva María, nada no 1883, casa con Jesús González, avogado, pasante do bufete de seu pai; Virginia, Camilo José nado en 1886, funcionario do Instituto Estatístico de Xeografía de Pontevedra e máis tarde inspector de facenda e por último, Ángel, Tenente Coronel, casado con Herminia Agulló, sen herdeiros. Se tiveramos que fixar o abano ideolóxico da familia situariamos nun extremo a Castelao e noutro a Ángel Pereira Renda, quen no 36 terá un papel destacado na coordinación do golpe ao dispoñer dunha radio coa que poder burlar o control que mantiña o Goberno Civil das liñas telefónicas. Se queremos estender máis os vencellos poderíamos chegar ata o mestre Manuel Guillán Abalo, cuñado de Ángel Pereira ao casar con Josefa Agulló Barral, quen era irmá da muller do comandante, que será un dos seis paseados o 9 de decembro de 1936 preto da Ponte do Regueiro (Xesús Froiz, Ramón Muíños, Severino García Teijeiro, José Domínguez González-Boullosa e Juan Bacariza Sánchez).



Castelao caracterizouse moceando con Virxinia. Titulou a imaxe [Verza ilustrada](#). Debaixo escribiu a declaración:

Te lo pido por la noche
lo repito por el día
queriéndote como te quiero
tú tienes que ser mía.
(Así Dios me salve).
Musos de Pontevedra



Debuxo da parella feliz feito por Castelao. Museo de Pontevedra.

Chegou Virxinia a unha das familias máis sobranceiras da época. Contan que había distinto nivel económico entre don Camilo e o resto da estirpe de Hipólito Pereira e María Freijenedo, especialmente respecto da súa irmá, Tomasa. Tanto é así que a filla desta, Generosa Álvarez Pereira, acabaría traballando na casa do tío para atender as curmás, ás que, a pesar do parentesco, chamaba «señoritas». As diferenzas de Camilo co irmán Miguel, agromaron pola vía do casamento. Camilo casa cunha «señorita con posibles», mentres que Miguel o fará con Gregoria Rial, mamá Goya, que traballaba como repartidora de pan¹².

Camilo ten bufete primeiro nos baixos da propiedade de Aurora Brañas García, filla do escribente José Brañas; despois, dende 1889 na súa casa da Rúa de San Lourenzo na Estrada, terreos correspondentes á parroquia de Ouzande. A súa fama de acreditado defensor das causas máis liadas chega a tal extremo que ningún veciño quería preitos se o contrincante lle adiantaba que o seu defensor era Camilo por isto lle daban o alcume do **demo**. Ademais de avogado ten unha activa vida social: foi socio fundador do Casino estradense, ano 1895, e, integrado no bando liberal de Riestra, chega a Deputado Provincial, cargo que exerce dende o ano 1888 ata o 1896. Nos primeiros anos do século exerce de xuíz do Xulgado estradense. Consecuencia deste seu labor profesional e social, as relacións veciñais da familia son moi intensas e importantes. Testemuños fidedigno do dito son os distinguidos padriños do bautizo de todos os fillos, case todos médicos e avogados, e nas unións matrimoniais das fillas. Conta o neto Alfonso Fidalgo Pereira que na casa da rúa de san Lourenzo, hoxe de Alfredo Pérez Viondi, había un salón, sancta sanctorum da vivenda, cunhas belidas cadeiras. D. Camilo tiña a gabanza de contar que todos aqueles que traspasaron aquela porta e sentaron na devandita cadeira, quedaron na familia. Virxinia, o mesmo que súas irmás, recibe os primeiros contactos coas letras da man dun mestre particular que seu pai contratara para a educación daquela numerosa prole.

Chegado o tempo, Camilo pensa en retirarse e achegarse ata Pontevedra, cidade na que están dúas fillas, María Lía con comercio de mercería e Virxinia. Ofrécelles aos fillos a opción de entregarlles a casa pero ningún deles mostra interese polo que lla vende,

en 1928 a Manuel Durán Esmorís e marcha para a cidade do Lérez.

¹² FAJARDO, Montse (2020) *A vida incerta. Biografía de Virxinia Pereira*, Concello de Pontevedra.

Naquelas datas de comezos de século nas pequenas vilas a xuventude tiña moi minguados momentos de espaxamento, máximo sendo mulleres. Ás mociñas estradenses da elite só se lles permitía asistir, baixo a vixilancia paterna, aos poucos festexos dunha sociedade que os mesmos pais crearan para unhas axeitadas relacións sociais. Era o **Casino** o centro restrinxido para os empregados dos organismos oficiais (xulgado, concello..) avogados, oficiais militares e determinadas familias onde as donas atopaban o sitio idóneo para as relacións sociais. Non hai dúbida que na ensinanza social han ser as irmás maiores as que leven a tutela de súa irmá.

Cando Virxinia ten dez anos fina o seu irmán José dous anos máis novo. Logo, aos 14, asiste ao casamento da súa irmá maior Sara co médico Alfredo. Dous anos despois, en 1900, participa, por primeira vez, na compañía das irmás e pais no «baile refresco» que a sociedade Casino organiza co gallo das festas patronais, nesta ocasión agrandadas por mor do comezo dun novo século. Chega o 1902, Virxinia, cos seus dezoito, será testemuña do casamento de Herminia. Outra irmá que deixa un oco no clan familiar para vivir na nova residencia, rúa de San Paio nº 8.

Como queira que Sara Pereira Renda e Alfredo Pérez Viondi fixaran a súa residencia na cidade de Santiago, Virxinia e súas irmás, Eva María, un ano maior e María Lía, que lle levaba tres, viaxan, con frecuencia, no coche de Mato ata a cidade do Apóstolo. Será aquí onde Virxinia e Eva coñezan ao estudante Castelao. Este sente un primeiro impulso e devaneio por Eva, mesmo foron parella, pero a mala fortuna quixo que a cuarta das fillas de Camilo Pereira, Emma, falecese no seu primeiro parto e, como era costume, decidiuse que ninguén mellor para coidar o pequeno orfo que a súa tía Eva, que daquela tiña 22 anos. Era 1905. Pouco podía facer a moza contra os designios do seu pai así que rompeu con Daniel e casou co viúvo da súa irmá, o avogado Jesús González Bermúdez de Castro, pasante do bufete de Camilo, que con esta voda aseguraba que o xenro de ilustre apelido permanecese suxeito á familia. Virxinia seguiu frecuentando sen ela o grupo de Sara, Pérez Viondi e Daniel, e o romance acabou fluíndo.



Caricatura de Virxinia e Castelao.
Fundación Valentín Paz Andrade.

Naquelas datas Castelao, mozo de desgarbada anatomía, fillo de indiano rico, era ben coñecido nos ámbitos universitarios de Compostela. Os seus debuxos de retranqueiro humor galego, as súas caricaturas de personaxes sobranceiros e de actualidade atopaban moi boa aceptación entre os estudantes. A isto hai que engadir a súa activa participación na tuna da súa facultade como primeira corda. Estas circunstancias supuxeron certos atrancos, desgustos e mágoas nas relacións amorosas de Virxinia. O seu pai, de talante conservador e os curmáns Pérez Viondi, militar, e Manuel Fidalgo, rexistrador, na mesma liña, non vían con bos ollos estas relacións.

O remate da carreira de medicina de Afonso, o seu proxecto de establecerse como médico en Rianxo e a fortaleza no amor de Virxinia fixeron posible que se lle outorgase a Daniel Afonso o consentimento pleno. Con este permiso, Virxinia é unha muller feliz. Aquela primavera de 1912 ten un especial significado para ela.

Paseos longos, románticos; asistencia ás festas sociais e animadas charlas nos salóns do Gimnasio, camiñatas nos solpores ata as romarías dos arredores. Tamén Castelao é feliz.

No fondo desta rúa había unha panadería que tiña un fillo ao que o pai de Virxinia lle pagaba para que, desde a bufarda, vixiase a parella cando saían pasear camiño de Ouzande.

Punto 16 — Antonio Fraguas - rúa Serafín Pazo, nº 20, 22 e 24¹³



Instituto da Estrada (1931), abandonado e en parte reformado, (2005).



Antonio Fraguas
Fraguas (Loureiro, 28 de
decembre de 1905 -
Santiago de Compostela,
5 de novembro de 1999)

Por orde do Ministerio de Instrución Pública do 31 de outubro de 1933, logo de ter participado e superar os preceptivos cursos, Antonio Fraguas toma posesión como profesor encargado de curso para o ensino de Xeografía e Historia no "Colegio Subvencionado – Estatal" da Estrada, acto que ten lugar no Instituto Nacional de Segunda Ensinanza de Santiago de Compostela o 4 de novembro de 1933, presentándose no centro o seguinte día 11.

O devandito centro non se inauguraría ata o primeiro de decembro, pois as obras de adaptación do edificio aínda estaban por rematar (antes fora unha fábrica de mobles), data en que tivo

lugar a solemne apertura, pasando a denominarse xa no curso 1934-35 "Instituto Elemental de Segunda Enseñanza", e no seguinte "Instituto Nacional de Segunda Enseñanza".

Elíxeno secretario do mesmo, quedado constituído o claus - tro por Antonio Lino como director, Fraguas, como queda dito, secretario, a profesora Mercedes Costa Ramos e os profesores Leopoldo Mosquera Caramelo, Arturo Rodríguez Suárez e Enrique Villar.

Ao longo de tres cursos, 1933-34, 1934-35 e 1935-36, desenvolve un intenso labor, non só como profesor e secretario do centro, senón tamén nos eidos da cultura e da política, de xeito que o Partido Galeguista da Estrada, do que era secretario xeral, acorda presentalo para concelleiro e alcalde, proposta que non prosperou pola oposición dos comunistas (segundo el dicía)⁴⁴. Toma parte activa nas eleccións do 16 de febreiro de 1936, en que sae vencedora a coalición da Fronte Popular, da que forma parte o seu partido; e tamén participa a prol do Estatuto de Autonomía, plebiscitado o 28 de xuño de 1936.

Poucos días despois estalaba a sublevación fascista e comezaba a Guerra Civil. A súa estadía estradense remata oficialmente o 4 de novembro de 1936, aínda que, como el mesmo aclaraba, xa non se chegou a incorporar para comezar o curso 1936-37, pois o día que foi para preparar os exames correspondentes a setembro,

¹³ Gisèle Maïssa Rodrigo (2012) "O Instituto da Estrada nas súas fontes hemerográficas e documentais parte I (1933-1960)" en *A Estrada: Miscelánea histórica e cultural*, N.º. 15, 2012, páxs. 23-110 e "O Instituto da Estrada nas súas fontes hemerográficas e documentais. Parte II (1960-2012)", 2013, n.º. 16, páxs. 7-75

despois da cea presentouse na pousada un rapaz duns trece ou catorce anos (un coñecido adolescente falanxista) para comunicarlle que traía orde de que o acompañase. E, como sempre repetía cando narraba estes tristes feitos, ao tempo que se negaba rotundamente a seguir falando do que sucedera despois: - E tiven que ir con el...



Con varios profesores e profesoras do Instituto da Estrada.

O que pasou cóntao Mario Blanco Fuentes, testemuña directa dos sucesos, nunhas follas mecanografadas que titulou "El 18 de julio en La Estrada":

Texto 13

[...] Los primeros días después del 18 de julio fueron de escuchar las radios –habría entonces en la villa unos veinte receptores en total-, de esconderse los de izquierdas algo y de la proliferación de los falangistas

[...] Hasta finales de julio no se radicalizaron las posturas [...] Los falangistas que campaban por sus respetos empezaron a detener a gentes de izquierda y llevarlas al cuartelillo de Falange [...]

Estaba muy reciente la propaganda que se había hecho en favor del Estatuto, y entre ella se había pintado un letrero en tela que decía: Votade ó Estatuto, pintado en los soportales del ayuntamiento con pintura de aceite. Esta traspasó la tela y quedó grabado en el suelo la frase. El partido galleguista era dirigido en La Estrada por un profesor [Antonio Fraguas] de Historia y Geografía del Instituto de Enseñanza Media y de él formaban parte varios jóvenes y alguna persona madura.

Un grupo de estos galleguistas escoltado por varios falangistas, una noche fueron llevados por todo el pueblo cantando el Cara al sol y portando la bandera de Falange el mencionado profesor, para limpiar y hacer desaparecer –lo que no se consiguió-, el Votade ó Estatuto, aún habiendo obligado a los que lo hicieron a emplear sosa cáustica, con lo que algunos tuvieron que sufrir quemaduras en las manos. Viven aún varios que lo recordarán.

A otros galleguistas se les cortó el pelo al cero [...] Y también otro de los inventos que se les ocurrió, como hiciera Mussolini en Italia, fue dar de beber aceite de ricino, que, en algunos casos llevaba mezclado aceite de coches [...]

Foron fusilados en Pontevedra, logo dun consello de guerra, sete veciños, entre eles o alcalde, e outros condenados a diferentes penas. Logrou saír con vida e fuxiu para Compostela e de seguido para a súa aldea natal, non volvendo xa máis ao instituto. O 4 de novembro publicaba o Boletín del Estado o súa suspensión de emprego e soldo, constando na acta do centro que gozaba dun mes de licencia, eufemismo por non dicir que fora expulsado e que non se lle permitía impartir clase¹⁴.

¹⁴ VVAA (2006) *Antonio Fraguas (1905-1999)*, Museo do Pobo Galego.

Punto 17 — A Estrada - Praza do Mercado (antes Praza Martínez Anido)

O sábado 27 de xullo de 1936 Castelao dá o derradeiro mitin na praza de Martínez Anido, na Estrada. Escólleo porque coincide coas festas do San Paio. Primeiro intervén o profesor Antonio Fraguas, logo Antón Alonso Ríos, despois o comunista Romero Cachinero. Castelao pronuncia unhas palabras. Cando estaba a falar aparece no ceo a avioneta comandada polo capitán de enxeñeiros Francisco Iglesias Brage (para o aviador, Xelmírez e Castealo eran os personaxes máis grandes de Galicia)¹⁵:

Texto 14

Aos estradenses

(...) Estaba eu falando a tres mil estradenses e voaba por riba de nós un avión que deixaba caer exemplares do noso Estatuto... Foi o derradeiro mitin a que asistín alá... e non-o podo esquecer. Aínda estou vendo a seis labregos montados en outros tantos cabalos, escoitándonos...

CASTELAO, *Unión estradense. Número extraordinario como conmemoración del XV aniversario social*, Buenos Aires, maio de 1941.



Mitin de Castelao en Lira en 1936.

Texto 15

Sabela

Cando eu andaba no estudio era un mozo das romerías, bailador e divertido. Non había festa na vila, nin nos arredores, onde non aparecese danzando como un

¹⁵ SEIXAS SEOANE, Miguel Anxo (2020) *Castelao construtor da nación. Tomo II 1931-1936*, Galaxia, p. 826.

trompo esgarabelleiro. ¡Ai, aqueles valeses, aquelas mazurcas, aquelas polcas e aquelas habaneras!

Entón o agarradiño aínda era un pecado venial, e bailabamos con tino, para que os vellos non refungasen.

As mozas acorazaban o corpo con xustillos e non consentían o arrimo; pero arrecendían a roupa gardada con mazás e a carne lavada con xabrón de rosas. Os mozos bailabamos por darlle gusto ás pernas, e contentabámonos co cheiro...

Había na vila unha rapaza do meu tempo, xeitosa de corpo, feitaña de cara, leda de xenio, traballadora de condición, pescantina de oficio e limpa de conducta, pero picante nos dicires.

As súas verbas tiñan o labio salgado dos mariscos. Os dicires escintilaban contentamento, e nos seus arredores non podía medra-la tristura. A risa facíalle goios de amor nas fazulas, poñíalle pintiñas de malicia nos ollos e brillo de nacre nos dentes. Os andares, arfados e velaíños, facían no aire ronseis de gracia. Andaba descalza, e os engados da súa carne non tiñan segredo para os ollos de ninguén. Os pés lenes, as pernas brancas, os brazos redondiños. O corpo era un gran corazón plisado. Cantaba como un xílgaro e bailaba como un argadelo.

Era a rapaza máis fermosa da vila, e dábase conta do seu poderío. Escarolábase, burlona, cando os señoritos forasteiros lle facían a rosca e revíase, compasiva, cando os mozos do seu igual criaban pasmo.

Ela gustaba de contar na ribeira os perigos en que se metía, e as pescas estordegábanse de risa cos ditos da rapaza, que descubría, de miúdo, tódalas súas enchoiadas amorosas. Ela gustaba de acender fogueiras e logo apagalas, e nos seus feitizos de serea morrían os fumes dos señoritos e as olladas dos mozos mariñeiros. Era dona de si e viviu sempre ceibe de murmuracións.

Nos días de festa parecía outra. A saia longa, a chombra de flores, o pano de oito puntas. Unha lazada verde na trenza do pelo. A cara con certo remilgo de señoritinga. Os andares coutados, por mor dos zapatos... Deica bailar tres veces non xurdía na súa face a risa escachada dos días soltos. No retorno da festa entraba na casa cunha cantiga nos beizos e cos zapatos na man.

A primeira vez que bailei foi con ela.

Eu adicábame, nos meses de vacacións, á vida de gandaia, e cando me fixen mozo quixen ser un tunante; pero non sabía bailar a modo. Eu reloucaba por deprender ben o agarradiño e lucirme nas romerías; pero non lle daba xeito ás pernas.

Unha noite atrevínme:

—¿Queres que botemos esta polca?

—¿E ti sabes?

—Imos ver.

A rapaza comprometeuse a ensinarme, i eu pagáballe coa miña ledicia de estudante.

Empecei dando voltas á dereita. Ela levábame... «Agora dous pasiños de lado». «Agora outra volta». «Dálle máis aire ó corpo». «¡Non saímos do sitio!». «¡Ai, que burro!». «Así, home, así». «Agora vai ben».

Pouco a pouco fun deprendendo, e non tardei en bailar valeses e mazurcas con certa mestría. Despois xa me fixen bailador e aproveitaba tódalas tocatas; pero, afeito á miña compañeira, non tiña gusto en bailar con outras. De remate os dous fixemos unha das mellores parellas.

A rapaza e mais eu estabamos unidos polo baile. Ela seguía burlándose dos namorados, i eu ríame, a cachón, dos seus ditos. Queríámonos ben; pero non

sentiamos desacougos amorosos. Se chegase a poñer ollo na súa fermosura burlaríase de min coma dos demais.

Con todo a miña nai reprendíame:

—Ti non es quen para comparar coa Sabela. ¿Por que non bailas con todas? ¡Sempre coa mesma, sempre coa mesma! Pois nin ti lle fas favor a ela nin ela cho fai a ti.

—Baila moi ben ¿sabe, miña nai?

—Bailará; pero ela é unha pesca e ti es un estudante. O baile é cousa do demo e Sabela é unha boa rapaza. Pobre de ti como non a respectes.

Miña nai, como tódalas nais, coidaba que o seu fillo era un Tenorio; pero a honradez de Sabela gardábase detrás de catro muros de cantería.

Marchei da vila cangado cun título universitario, e as preocupacións do meu vivir arredáronme das troulas. Perdín a mocidade, fíxenme home; o baile chegou a parecerme cousa de parvos, e hai moitos anos que nin tan sequera vexo bailar.

Do tempo de estudante non gardei un recuncho para as lembranzas de romería, e Sabela esvaéuseme da memoria.

Cando se proclamou a República, lanceime á política e saín Deputado das Constituíntes. A miña vila quixo agasallarme e alá fun eu.

Desembarquei baixo o estrondo das bombas e entre o entusiasmo dos vellos amigos, que acugulaban o peirán e a ribeira. O azougamento non me deixaba camiñar, e, se sodes sentimentais, comprenderéde-la miña emoción, porque a vila natal non é coma tódalas vilas.

Cheguei á casa dos meus pais, e na beira da porta vin a unha muller... Era gorda de ventre, de pernas e de brazos; a cara inflada e vermella; a boca sen dentes; a postura de regateira.

Miroume, fite a fite, cos ollos mergullados en bágoas, e ó pasar a carón dela, sioume con voz estremecida estas verbas:

—¡Meu bailador!

Afonso D. R. CASTELAO, *Retrincos*, Editorial Nós, 1934.

Punto 18 – A Estrada - Museo Manuel Reimóndez Portela



No Museo do Pobo Estradense Reimóndez Portela atópanse parte do dormitorio do matrimonio, a cómoda, o espello e dúas mesiñas, entre outros; e unha augada pintada por Castelao e adquirida polo Museo.



Enreixada da antiga Igrexa tamén no museo.



Cómoda e espello do dormitorio de Castelao e Virxinia.

Chegou das Américas un home rico e trouxo consigo un negriño cubano, coma quen trai unha mona, un papagaio, un fonógrafo... O negriño foi medrando na aldea, onde deprende a falar con enxebreza, a puntear muiñeiras, a botar aturuxos abrouxadores.

Un día morreu o home rico e Panchito trocou de amo para gana-lo pan. Co tempo fíxose mozo comprido, sen máis chatas que a súa coor... Aínda que era negro como o pote, tiña gracia dabondo para facerse querer de todos. Endomingado, cun caravel enriba da orella e unha ponla de malva na chaqueta, parecía talmente un mozo das festas.

Unha noite de estrelas xurdeu no seu maxín a idea de saír polo mundo á cata de riquezas. Tamén Panchito sinteu, como tódolos mozos da aldea, os anxeios de emigrar. E unha mañán de moita tristura gabeou polas escaleiras dun trasatlántico.

Panchito ía camiño da Habana e os seus ollos mollados e brillantes esculcaban no mar as terras deixadas pola popa.

Nunha rúa da Habana o negro Panchito tropezou cun home da súa aldea e confesoulle saloucando:

—Ai, eu non me afago nesta terra de tanto sol; eu non me afago con esta xente. ¡Eu morro!

Panchito retornou á aldea. Chegou probe i endeble; pero trouxo moita fartura no corazón. Tamén trouxo un sombreiro de palla e mais un traxe branco...



Afonso D. R. CASTELAO, *Cousas*, Editorial Nós, 1934.

Punto 19 — A Estrada - Cemiterio parroquial de San Paio, en Figueroa



Tumba de Virxinia e Alfonso Xesús no cemiterio San Paio de Figueiroa.

En 1969 Virxinia fai a súa última viaxe a Galicia. En xullo sofre unha fractura de nocello. O 14 de setembro retíranlle o xeso pero seguen as dores. A finais de setembro atopáse na Estrada dando un paseo para visitar a súa casa natal. Mentres miraba cara ás fiestras que lle gardaran a infancia, unha nena que ía en bicicleta chocou con ela e, ao bater contra o chan, Virxinia rompeu a cadeira. Despois dos primeiros coidados foi levada en tren a Salamanca para logo ir a Madrid. Por deferencia de Álvaro Gil ingresárona na clínica Ruber e mellorou tanto que nos primeiros días de decembro, déronlle a alta.

Á unha da madrugada do día 22 de decembro sufriu un ataque cardíaco que non puido superar. Virxinia Pereira Renda faleceu na clínica madrileña Ruber ás sete e media da mañá do **23 de decembro de 1969**, con oitenta e cinco anos.

Eran as dez da mañá do 25 de decembro cando foi soterrada no cemiterio madrileño de La Almudena. Era un día frío. Ben-Cho-Shey gardaba na súa casa unha

bandeira coa que arroupou o cadaleito.

O **28 de xuño de 1984**, foron trasladados os restos de Castelao ao Panteón de Galegos Ilustres. O traslado estivo marcado polos disturbios e mesmo provocou o cesamento da xornalista Tareixa Navaza por ler anacos do *Sempre en Galiza* mentres transmitía a chegada dos restos pola TVE. Castelao volvía á terra.

O **19 de outubro de 1986** foron enterrados Virxinia e Alfonso no cemiterio de Figueroa na Estrada. A iniciativa partiu da súa amiga Noni Araújo. Contactou coa familia Pereira e, tras obter o seu beneplácito, acadou a axuda do Concello da Estrada e de colectivos como a Asociación de Amas de Casa que ela mesma presidía, para pór en marcha os trámites de inhumación da nai e do fillo. Traballou arreo para conseguir todos os permisos e ata foi ela, en compañía doutras integrantes da súa asociación, recuperar os restos de Alfonso ao panteón que os Fidalgo tiñan no cemiterio de Pereiró. Era o 16 outubro de 1986. Noni non sabía nada daquela segunda viaxe que fixeran Virxinia e Lola Rey a San Amaro recoller novos achados na propiedade da familia Pintos. Foi o enterrador vigués quen as alertou: aquelas cinzas eran pouco voluminosas para tratarse dun rapaz de 14 anos. Nese momento, Noni entendeu a confidencia que lle fixera o xenro de Lola, José Lauroba, nun encontro que anos antes tiveran no seu restaurante, o Galaxia: «Tamén hai restos do neno na Estrada». Virxinia viaxara un día a Pontevedra, ao cemiterio de San Mauro e atopu que o panteón familiar, onde inicialmente repousaban os restos do neno, fora profanado, o que obrigou a cambiar de lugar o cadáver. Virxinia tivo que trasladalo a Vigo naquel momento. Nesa ocasión, en segredo (aínda que coa complicidade dunha familiar) robou os restos do seu fillo, aproveitando o traslado do corpo de Pontevedra a Vigo. Meteu parte deles nunha caixa de galletas de lata, o cabo do cordón da Primeira Comunión e unha cruz con medallas, e depositounos co mesmo secretismo no panteón da Estrada, onde ela

pensaba descansar eternamente. É probable que a esposa de Castelao tivese intención de volver por segunda vez ao cemiterio de Vigo para recoller a outra parte dos restos e traelos ao panteón da Estrada. Pero morreu sen o poder facer.

Así que contactou de novo coa familia e procedeuse á apertura do panteón de Antucho Pereira Rial para sacar aquela caixiña de galletas María onde estaba a coroa co caravillo e as medallas. O neno de Virxinia xa estaba na vila agardando por ela. Na casa do concello prepárase a capela ardente. Pero ninguén contou con que a comitiva de Madrid chegaría de madrugada. Onde se ía custodiar o féretro? Noni viaxou ata Madrid nunha comitiva presidida polo alcalde Manuel Reimóndez Portela e os edís Sanmartín Obelleiro e Arca Pichel. Tras exhumar o corpo de Virginia en La Almudena, a comitiva traslada os restos no maleteiro do coche do rexedor.



No medio da noite recíbese unha chamada telefónica no domicilio do alcalde que fai pensar que algo non vai ben. Alguén advertía que os restos de Virxinia debían quedar a recado, porque no aire flotaba unha ameaza: alguén planeaba roubar o corpo para boicotear os actos programados. O medo era tal que ninguén quería asumir a responsabilidade de facerse cargo do cadaleito esa noite. Nin sequera Paco Ansedes, o dono da funeraria, quen tampouco quería efectuar a condución. Finalmente, o corpo de Virxinia pasou a noite no garaxe do alcalde. Aquela madrugada do 17 de outubro ningún dos protagonistas desta historia puido durmir.

A capela ardente instalouse no Salón de Xustiza, na planta baixa da Casa Consistorial e os afectos da Terra

puideron darlle a Virxinia a despedida que non tivera en Madrid. Aí estivo por exemplo, Isaac Díaz Pardo, e mesmo Teresa, a pesar da súa avanzada idade, achegouse ao cemiterio ao día seguinte.

Dous policías escoltaron o féretro. Logo, na igrexa parroquial, a misa foi oficiada polo bispo de Mondoñedo-Ferrol, monseñor Anxo Araújo, e polo párroco Manuel Castiñeiras, e cantada polos coros do Orfeón Terra A Nosa. A organización dos actos foi tan complexa que houbo dúas comidas oficiais paralelas: unha na sala de festas Lennon, onde dúas mil persoas acompañaban a Teresa Castelao; outra no restaurante Nixon, para as autoridades. Os protagonistas reuníranse na sobremesa.

O reencontro de nai e fillo tivo un cariz máis íntimo non exento, porén, de homenaxe. Aquela vila na que chegara a sentirse pouco querida recibíaa agora como filla pródiga, grazas á iniciativa dunha das principais amizades que creou nos malos tempos.

Os restos foron metidos en féretros e cubertos con bandeiras galegas. Ducias de persoas da Estrada foron presentarlles os seus respectos ata a inhumación que tivo lugar un día despois, o 19 de outubro de 1986. Virxinia e Alfonso foron, por fin, enterrados xuntos nun panteón propiedade do Concello da Estrada situado a uns trinta quilómetros da sepultura de Bonaval. Foi todo o preto que puido estar do seu desexo.

Logo coseron as bandeiras que cubriran os féretros de ambos e cortaron catro anacos que foron depositados no Museo da vila, no de Pontevedra, no Centro Galego madrileño e no Centro Cultural do Partido da Estrada en Bos Aires, quen custeou, unha década despois, o traslado do dormitorio que Virxinia e Castelao utilizaran en Belgrano e que nun principio deixara en herdanza á viúva do seu curmán. Lola Rey ofreceullo un día a esa amiga que tanto traballara por enterrar a Virxinia co fillo.

—*Queres o dormitorio de Bos Aires?*

—*Eu non pero o seu pobo si.*

E Noni púxose de novo en marcha para que a asociación estradense recollera en Bos Aires os mobles de mans do fillo de Lola e logo pagara o traslado ata o museo Manuel Reimóndez Portela. Alí fican un espello, as dúas mesas de noite e unha cómoda que tiña nos seus caixóns dúas amofadas, unha colcha e un traxe de Virxinia de crespón negro. Os mobles do último espazo que puido compartir con Daniel.

Querería ficar con el tamén na morte mais non hai plan que non mude a vida incerta¹⁶.

Texto 17

Era un nenín de manteiga, bonito coma un caravel. Ningunha señora podía ollalo sen bicalo.

Vistidiño coma un príncipe de lenda, tiña un ollar tristeiro de neno medrado en sedas e bicos.

Os seus traxes primorosos facían do neno un monequiño para bicar con degaro.

O seu traxe de antroido custaba dous meses de traballo, e a súa nai revíase de ledicia.

Porque á súa beira tódolos nenos daban mágoa, vistidiños con traxes cativos.

E a fermosura do neno foi a súa desgracia.

Pouco a pouco, na quentura dos agarimos, o neno fíxose mozo. Un mozo cheo de bondade. Unha bondade chea de inocencia.

O mozo entrou nunha academia militar e a súa nai choraba, choraba; mais no fondo do fondo da súa ialma ela ben arelaba que o seu fillo fose distinto.

E cando chegou vistido de cadete a nai entoleceu de fachenda. E o mozo seguía coa súa bondade limpa e branca de neno.

Un día o mozo marchou á guerra por obriga da súa profesión.

E alí caíu ferido de morte. E ó morrer non dixo máis que esta frase tremendamente trágica:

¡Ay, mi mamaíta!

Afonso D. R. CASTELAO, *Cousas*, Editorial Nós, 1934.

¹⁶ FAJARDO, Montse (2020) *A vida incerta. Biografía de Virxinia Pereira*, Concello de Pontevedra.

